

IV SEMINARIO-OBRADEIRO DE AVALIACIÓN DE MATERIAIS DIDÁCTICOS. O PROXECTO ABALAR. CARA A ONDE?

FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN (CAMPUS SUR) - COMPOSTELA, 22 E 23 DE FEBREIRO DE 2013. ACTIVIDADE ORGANIZADA EN COLABORACIÓN CO DEPARTAMENTO DE DIDÁCTICA E ORGANIZACIÓN ESCOLAR DA USC

O IV Seminario de avaliación de materiais didácticos. O proxecto Abalar, cara a onde?, igual que nas pasadas edicións, tivo unha intencionalidade práctica, na que buscamos axudar na selección e avaliación dos recursos educativos tanto en soporte impreso como dixital, e neste caso, tivemos a intención de achegarnos ao que é o repositorio dos centros galegos na actualidade, os recursos e materiais dixitais que ofrece o portal do Proxecto Abalar, e ao mesmo tempo, botar unha ollada ao pasado, presente e futuro deste proxecto institucional. Os relatores/as participantes nesta edición foron: Mercedes González Sanmamed, Pablo César Muñoz Carril, Ramón Luís Gil Sánchez, Pablo Nimo Liboreiro, M^a Pilar Buela Piedra, Fernando Suárez Lorenzo, María del Camino Pereiro González, Silvia López Gómez, Claudia Pernas Pico, Vanessa Alvite Pereira, Héctor Manuel Rodríguez Cagiao, M^a Helena Zapico Barbeito, M^a Montserrat Castro Rodríguez, Ana Isabel Castro Rodríguez e Carmen Denébola Álvarez Seoane.

Destacamos que, os asistentes son de diversos lugares, incluso interesáronse profesores/as de nacionalidade portuguesa, así como españois de fóra da nosa Galicia. A actividade ofreceu aos 41 profesores diferentes propostas e modelos de avaliación que lles axuden a analizar e seleccionar os diferentes tipos de materiais tanto impresos como dixitais (libros de texto, guías didácticas, Cds, Webs, videoxogos, etc.) e en diferentes soportes (impreso, PDI, ordenador, televisor, xoguete, etc.). As diferentes propostas de avaliación deste seminario axudarán a analizar os diferentes materiais didácticos dos que dispoñemos nos centros educativos dende diferentes perspectivas e ámbitos.

Moi brevemente comentamos o desenvolvemento desta actividade:

Na conferencia inaugural "O modelo 1x1: Das TIC ás TAC" puxéronse en cuestión os diferentes plans de introducións das TIC tanto nos programas e iniciativas internacionais (ámbito anglosaxón e latinoamericano) coma dentro das CCAA, partindo dunha pregunta que estimula a reflexión: A sociedade en rede e a escola enredada?

Obradoiro II: "materiais empregados no ámbito da Audición e Linguaxe"

A relatora, Claudia Pernas, comezou cunha presentación do que fai a mestra de AL nun centro, para contextualizar o espazo de avaliación dun material de AL e conectar o desenvolvemento do obradoiro coa realidade actual dos centros educativos.

As conclusións máis xenéricas son que ese material non está totalmente adaptado e polo tanto a súa utilidade é relativa chegando á idea de que o comercializado está ben, pero non está feito para cada caso.

Obradoiro IV: "Avaliación do currículo oculto antiecolóxico dos libros de texto"

Neste obradoiro participaron como docentes Marcos e Arantxa (membros da asociación Verdegala) e como asistentes persoas de distintos sectores: relacións laborais, editoriais, profesorado universitario, profesorado de secundaria, Mestres especialistas e Mestres xeneralistas. A idea de partida coa que se traballou (e conclusión final) é que nos libros de texto si hai temas sobre o medio ambiente ou a natureza, pero non hai intención de mensaxe ecoloxista (currículo oculto).

Obradoiro V: "Contornas Virtuais de ensino e aprendizaxe"

O obradoiro "Contornas virtuais de ensino e aprendizaxe (EVEA)" procurou achegarnos á utilidade dos contornos virtuais de ensino e aprendizaxe, a partir da noción de competencia dixital. Na súa maioría, os xustificantes consideran esencial formación neste ámbito, favorecendo a to-

mada de decisións ao redor de contornas virtuais no contexto educativo dunha forma crítica e construtiva.

Obradoiro VII: "A imaxe das persoas maiores nos materiais didácticos"

O poñente comezou o obradoiro cun interrogante que foi: Cómo se aborda o tema da vellez no currículo escolar? A idea fundamental foi proporcionar aos docentes galegos/as un instrumento dixital potencialmente útil nos procesos de avaliación autónoma de recursos didácticos. O obxectivo final era contribuir a suscitar a reflexión sobre a realidade da vellez e a educación interxeracional no currículo.

Obradoiro VIII: "Dificultades de aprendizaxe nos materiais didácticos"

O interese de quen desenvolven este obradoiro é de reflexionar sobre a importancia de seleccionar recursos para a aula ordinaria que faciliten a inclusión educativa de todo o alumnado. Con este propósito, iníciase a sesión coa visualización de vídeos (como por ex. "El color de las flores") que exemplifican como se pode desenvolver unha práctica educativa inclusiva que atende á diversidade de necesidades, intereses e obxectivos que subxacen na aula.

Mesa redonda: "Avaliar é innovar. Conclusións conxuntas dos obradoiros"

Esta mesa redonda conforma o colofón final ao seminario e con ela queremos facer partícipes a todas/os as/os asistentes, por iso está conformada por elas/es mesmas/os que son convidadas a mostrar as súas opinións do que lles pareceu cada obradoiro. Preocupa o papel que os materiais didácticos ocupan na educación, con máis frecuencia poñemos a atención en recursos pensados para o ensino obrigatorio ou a educación regrada, pero neste seminario quíxose tamén dar cabida á preocupación por outros contextos educativos. Dentro dos problemas existentes arredor dos materiais didácticos témonos centrado neste día e medio na avaliación. A avaliación dos recursos educativos como ferramenta principal para a selección, a adaptación e a creación de novos recursos.

En calquera, caso, vimos de realizar o V Seminario Obradoiro de Materiais en febreiro de 2014, a aínda que estamos pendentes dos resultados, polo que observamos in situ e a pesar dos cambios (homologación) consideramos que haberá futuras edicións, porque segue a crear en nós ILUSIÓN.



V CONGRESO MANUEL LUÍS ACUÑA: "NOS TEMPOS EN QUE ACUÑA ERA BACHAREL"

A POBRA DE TRIVES, 1 E 2 DE MARZO DE 2013

O Congreso Manuel Luís Acuña, organizado cada tres anos, desde 2000, na súa terra natal, Pobra de Trives, chegou á quinta edición, mantendo vivos os obxectivos iniciais de honrar a memoria dos Mestres que, igual que Acuña, fixeron posible a utopía republicana, e foron duramente represaliados, así como concienciar aos veciños e veciñas de Trives, do patrimonio inmaterial que supón para a comarca, o feito de contar cun poeta ilustre, autor de Firgoas, en 1933.

Esta edición, prevista para outubro, foi aprazada para o 1 e 2 de marzo, co que se conseguiu un número aceptable de participantes, con moita implicación nos debates suscitados. Practicamente todos os relatores e relatoras permaneceron en boa parte do Congreso, participando nos debates, destacando tamén a presenza do Alcalde, así como de familiares de Acuña e de Antonio Caneda (mestre de Medos en San Xoán de Río, que foi paseado en 1937).

Por Trives teñen pasado xa nas cinco edicións, prestixiosos especialistas da historia da educación e da literatura galega, así como doutras ramas da historia, e teñen participado mestres e mestrás da comarca, así como doutras zonas de Galicia e Portugal. Este ano contamos con 18 relatores e 36 congresistas. Varios grupos de primaria e secundaria, así como veciños de Trives participaron tamén da parte cultural. En efecto, o Congreso, ademais da parte académica, conta cunha rica actividade cultural, que comeza con visitas ao centro Santa Leonor, no que Acuña estudou o Bacharelato, hoxe convertido en centro cultural, para gozar de exposicións históricas e artísticas, e para o recitado de poemas do poeta por parte de escolares. Así mesmo hai charlas divulgativas sobre a figura de Acuña para os estudantes de Bacharelato. Pola tardiña, gozamos de representacións teatrais e concertos. Salientar tamén nesta edición, a proxección do documental As Silenciadas de Pablo Ces, sobre as mulleres na guerrilla antifranquista, que foi seguido dun amplo coloquio coa autora do libro que deu lugar ao filme, Aurora Marco.

O libro de Actas da cuarta edición non puido ser presentado, por problemas técnicos, polo que se prevé, presentalo xuntamente co quinto, para unha data próxima, na que se organizará o acto rodeado de outros eventos culturais e educativos.



MESA REDONDA ABERTA: A LOMCE A EXAME

FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN (CAMPUS SUR) - SANTIAGO DE COMPOSTELA,
11 DE MARZO DE 2013

NEG e a RGE organizaron xunto coa USC unha mesa redonda sobre a LOMCE, celebrada o día 11 de marzo ás 19.00h. na Facultade de Ciencias da Educación, no Campus Norte

en Compostela. Nela interviñeron: Mariló Candedo Gunturiz (profesora da Universidade da Coruña e presidenta de Nova Escola Galega), Milagros Couto Llamas (inspectora de educación), María del Mar Fernández Balboa (directora do colexio La Salle) e Xosé Ramos Rodríguez (orientador). Non puido asistir finalmente outra das relatoras convidadas, Helena Gómez Vecino (presidenta da CONFAPA). Actuou como mantedora da mesa M. Carmen Morán Castro (profesora da Universidade de Santiago de Compostela).

O acto contou con presenza de numeroso profesorado e estudantes da Facultade de Educación.

Durante o mesmo tivemos a oportunidade de analizar polo miúdo e debater sobre a LOMCE co alumnado e o profesorado da Facultade de Ciencias da Educación da USC, podendo percibir unha fonda preocupación polo cambio de modelo que esta contrarreforma supón. Máis privatización, máis segregación, máis recentralización, menos comunidade educativa, desprofesionalización do profesorado e presión para o alumnado e as familias. Seguiremos visibilizando as nosas posicións, na defensa do dereito á educación e na procura de prácticas alternativas



XXVII ENCONTRO GALEGO-PORTUGUÉS DE EDUCADORES/AS POLA PAZ. A EDUCACIÓN EMOCIONAL NO MARCO DA EDUCACIÓN PARA A PAZ

VIANA DO BOLO (OURENSE), 26, 27 E 28 DE ABRIL DE 2013

ACTIVIDADE COORGANIZADA POLO GRUPO DE EDUCADORAS/ES POLA PAZ DE NEG, A ASSOCIAÇÃO GALEGO-PORTUGUESA DA EDUCAÇÃO PARA A PAZ (AGAPPZ), A FACULDADE DE CIENCIAS DA EDUCAÇÃO DA UNIVERSIDADE DE VIGO, O IES CARLOS CASARES E O MOVIMENTO DOS EDUCADORES PELA PAZ DA PORTUGAL (MEP)


O XXVII Encontro galego-portugués de Educadores pola paz representa o afondamento das liñas de traballo encetadas hai 25 anos pero enmarcadas nesta ocasión na Educación Emocional en tempos de crise, a través do estudo, a reflexión e o intercambio. Facilitando ó profesorado alternativas, ferramentas de traballo para que nas aulas se incorporen todos os aspectos relacionados coa temática e ofrecer argumentos sólidos á hora de incorporar a perspectiva de paz positiva no ámbito educativo. Nesta edición participaron 37 profesores e profesoras de tódolos niveis educativos, dende a Etapa Infantil ata Secundaria.

Tanto a valoración das persoas asistentes, canto as súas intervencións nos coloquios realizados ao remate de cada relatorio, así como o propio contido dos mesmos, como a participación nos obradoiros, permítelle á comisión organizadora facer unha valoración moi positiva do conxunto da actividade. A continuación presentamos unha breve síntese de cada un dos días:

Na primeira xornada, logo da mesa inaugural, o programa comezou cunha táboa redonda na que se repasaban as experiencias vencelladas a este grupo, que é o máis antigo da península en educación para a paz, sendo o seu fío condutor a traxectoria do propio grupo chegando a historia máis actual coa chegada da pomba a Viana de Bolo na edición anterior dos Encontros. A xornada finalizou co "Festival dos abreixiños" onde se ofreceu, non só ós e ás participantes senón tamén á veciñanza da vila, un espectáculo onde a risa era protagonista da man da compañía "Os sete magníficos e mais un" e o do artista Lois Pérez.

Xa o segundo día, a sesión de mañá comeza coa conferencia central a cargo de Carmen Loureiro sobre Educación emocional, proporcionou as bases teóricas e a linguaxe común para abordar o resto das experiencias e obradoiros. Consideramos que se abriron horizontes de pensamento, discusión e reflexión que serán os que constitúan os fundamentos sólidos nos que o profesorado poida apoiarse á hora de incorporar a perspectiva da paz positiva nas clases. Logo dun descanso, presentouse a Revista Galega de Educación nº 54: Construindo os afectos desde a Escola (Nova Escola Galega), onde se revisou os diferentes artigos publicados e as reflexións máis importantes que nela se recollen. A continuación, foi a quenda para mesa de experiencias:

- Los Patojos: Sueños e Ideas en Acción , por Marta Fernández Fernández
- Programa educativo Saraievo, Guerra e Paz , por Sofía Riveiro Olveira
- Visitando unha clase universitaria de Educación para a Paz, por Millán Brea Castro
- Navegando.. rumbo a Paz interior, a Paz social e a Paz ambiental, por Ivana Ribeiro
- Yogaguamansa, proxecto para a iniciación ao ioga do CEIP Aguamansa, por Sole Pomares Chinaa
- Educação para os afectos, por Isaura Sousa
- Experiencia na ONG Jump Prijepolje-Serbia, por María Rodríguez Gradín
- Masaxes para bebés, por Belén Piñeiro



Durante a sesión de tarde, realizáronse os seguintes obradoiros:

1. “Os jogos cooperativos na Educação para a Paz” por Armino GREGÓRIO, professor e representante da Associação Internacional de Educadores para a Paz (AIEP) em Portugal. Membro de AGAPPZ. Neste obradoiro ofrecéronse recursos prácticos para aplicar dinámicas de grupo e xerar o clima positivo necesario en contextos educativos.

2. “A escrita da paz” por Bernardo Carpena, mestre en Vigo e membro de Nova Escola Galega e Carlos Amaral de Filosofía na Escola Secundaria Daniel Sampaio da Sobreda. Neste obradoiro, traballouse diferentes técnicas de escrita onde se produciron diferentes tipos de texto co fío condutor da cultura da paz.

3. “Saber ou sentir? Os métodos e camiños do ioga para emocionarse educando/ensinando” por Ángel Sánchez, Educador Social. Neste obradoiro, ofrecéronse técnica de relaxación e consciencia corporal, e amosouse o corpo como ferramenta para traballar a concentración e a calma e transformar as emocións negativas en positivas.

4. “Obradoiro: Ghanas de leira ca Muñeira” por Lourdes Lista Meira, Mestra de Audición e Linguaxe. Finalmente, neste obradoiro ofreceuse ferramentas ó profesorado para traballar as emocións que xorden a través da danza, a música e o corpo.

A continuación, reunímonos no Pavillón do propio centro educativo para darlle forma ó Punto de Encontro previsto no programa. Neste tempo ós e ás asistentes puideron presentarse e trasladar ó grupo en que temáticas traballan e cales son as inquedanzas e preocupacións máis salientables do seu propio traballo. Despois da cea colectiva, foi o momento da Festa da paz, onde amosouse o aprendido nos diferentes obradoiros ó resto do grupo, e houbo un espazo amenizado con gaitas e cantos.

Na sesión do terceiro día, levouse a cabo unha Avaliación dos propios encontros, onde se deixou espazo para abordala tanto de forma escrita como de forma oral e a Asemblea, que caracteriza a estes encontros, xa que despois de 27 anos xa existe un grupo galego-portugués estable de traballo e convidouse e animouse a que persoas novas se animen a levar a cabo este traballo. Finalmente tivo lugar a Clausura do XXVII Encontro, que estivo vencellada coa homenaxe a Xesús R. Jares, catedrático de Educación para a paz e principal impulsor no nacemento destes encontros coa colocación dunha placa na casa na que naceu e viviu nos seus primeiros anos. E nas que dedicou unhas palabras Beatriz Santos, mestra xubilada de Viana e amiga persoal de Suso Jares. Finalmente fíxose un pasarúas ata a Praza principal da vila, acompañado de gaitas e abrazos ofrecidos polas persoas que o conformaban, e fíxose a tradicional Largada da pomba da paz, protagonizada polos nenos e nenas que alí se atopaban.

As nosas principais conclusións pódense sintetizar da seguinte maneira:

- A cultura da paz e a Convivencia no ámbito pedagóxico e educativo é cada vez máis necesarias, nun mundo individualizado e coas dificultades socio-económicas que son protagonistas na nosa actualidade.
- A educación emocional debe ser un dos camiños para poder xerar esa cultura de paz e convivencia, mencionada no punto anterior. Para iso, os e as educadores/as debemos formarnos e incluír esa perspectiva no noso día a día.
- Tanto a comisión organizadora, como os e as propias participantes valoran de maneira moi positiva estes encontros e a súa temática escollida para esta edición, xa que cumpríronse tódolos obxectivos de forma satisfactoria, e abríronse canles de comunicación e a posibilidade de crear redes de traballo e seguir co intercambio de experiencias de profesionais relacionados coa educación.

IV SEMINARIO SOBRE A MEMORIA: “DA LOITA POLA TERRA Á LOITA POLA DEMOCRACIA, DO AGRARISMO Á GUERRILLA ANTIFRANQUISTA”

RIANXO – BOQUEIXÓN – OROSO, 24, 25 E 26 DE MAIO DE 2013

A convocatoria do Seminario pretendía suxerirles aos asistentes una reflexión sobre o fenómeno do movemento agrario e da guerrilla antifranquista que posibilita un mellor coñecemento do noso pasado máis recente. Tal pretensión arelaba provocar tamén que a actualización dos coñecementos sobre o asociacionismo agrario e a guerrilla antifranquista contribúa, no alumnado indirectamente beneficiario da reflexión, á comprensión do presente e á adopción dunha actitude responsable e solidaria na defensa da liberdade, sen perder nunca a consciencia de cales son os dereitos e as obrigacións de cadaquén.

Participaron na actividade un total de 24 profesores e profesoras. A maior parte dos participantes foron profesionais do ensino secundario público, do ámbito das Ciencias Sociais. Porén, tamén participaron algúns profesores e profesoras doutras disciplinas. Os asistentes procedían practicamente de todo Galicia.

Dous dos relatores inicialmente previstos –Francisco Martínez e Bernardo Maiz– estiveron ausentes por enfermidade. En consecuencia, no desenvolvemento do Seminario participaron un total de cinco relatores/as, responsables das conferencias e das diferentes sesións de traballo de campo:

- Aurora Marco López, Catedrática da USC.
- Xaquín Yebra-Pimentel, profesor de Ciencias Sociais do IES Melide.
- Anxo Collarte Pérez, Profesor de Xeografía e Historia.
- Xosé Manuel Lobato Martínez, Profesor de Secundaria e escritor.
- Manuel Pazos Gómez, Profesor e investigador.

O Seminario organizouse a través de tres eixes temáticos: conferencias plenarias, visionado de material audiovisual e, finalmente, traballo de campo por lugares dispaes dos concellos de Ordes, Frades, Boqueixón, Silleda... onde a guerrilla actuou. Algúns dos momentos, precisamente, do traballo de campo foron especialmente emotivos, como a visita á tumba do Brasileño. Debe ser destacada a presenza entre os asistentes do seu fillo e da súa nora. Víctor García fora enterrado en Moalde (Silleda) polos propios veciños, sen que a súa familia soubese, ata hai apenas catro anos, realmente onde estaba o seu corpo. O seu fillo e a súa nora teimaron durante moito tempo ata que foron quen de dar coa súa tumba.

Entre as principais conclusións do Seminario, os asistentes valoraron, por exemplo, a actividade como un interesante exercicio de análise e comprensión dun fenómeno histórico moitas veces descoñecido e, outras, declaradamente ignorado. Non se trata xa só de que fose analizado o fenómeno da guerrilla e, colateralmente, a situación dos labregos e o seu papel durante o franquismo, senón que foi realizado un interesante exercicio humano de comprensión dunha realidade na que, en efecto, o verdadeiro protagonismo recae nas persoas.


Na actualidade, está practicamente perfilada a edición correspondente ao ano 2014.



IX XORNADAS INTERXERACIONAIS RURAIS

CABREIROS – XERMADE, A TERRA CHA, 25 DE MAIO, 1 E 8 DE XUÑO DE 2013.

As novenas xornadas interxeracionais rurais pretenderon continuar co obxectivo iniciado nas anteriores edicións. As xornadas estiveron dirixidas fundamentalmente aos maiores e rapaces do concello de Xermade e doutras vilas de Galicia. Cómpre destacar este ano a presenza da Asociación de Veciños e Veciñas de Couzadoiro, con quen tivemos a oportunidade de intercambiar numerosas iniciativas e proxectos e puidemos coñecer a experiencia de Cristian, “Cómic e rural: estado da cuestión e ollada dun rapaz”. Na VIII Xornada Chairega do Xogo Popular e Tradicional, contamos coa participación de diferentes membros da Asociación M.V.M.C que nos realización unha demostración do arrebolamento do Goxo. Durante as xornadas tivo lugar o obradoiro “Xoguete Tradicional” coordinado por Manuel Gracia. Durante o segundo día contamos coa Xosé Lois Seixo e o Grupo Pirilampo quen interpretaron numerosas peciñas dos seus traballos. O último día estivo dedicado principalmente a temática “As landras. Un patrimonio material e inmaterial” e tivemos a oportunidade de escoitar diferentes conferencias relacionadas co tema e participar en diferentes obradoiros. Pola tarde tivo lugar a Presentación da “I Invernada de Cine”. Nestes días tiveron lugar as habituais conferencias de saúde e presentación de libros.



RESPIRANDO ALEGRÍA. IOGA DA RISA

CENTRO SOCIOCULTURAL CASTIÑEIRIÑO (SANTIAGO), 8 DE XUÑO DE 2013 .

A idea desta actividade de formación nace do traballo que Ángel Sánchez e Susana Couso veñen realizando dende o curso académico pasado na EEI do Saltillo (Boiro). Observando os enormes beneficios que técnicas como o ioga ofrecen no ámbito educativo, decidimos socializalo nos últimos Encontros de Educadores/as pola Paz celebrados en Viana do Bolo, a través da participación de Angel Sánchez nun dos obradoiros; converténdose nun dos obradoiros máis demandados, xurdiu moito interese por parte das persoas participantes, en continuar con este tipo de formación. Esta situación, lévanos a poñernos en marcha e darlle forma, traballando na súa planificación e deseño, tendo como pilar básico a educación holística.

Enseguida poñémonos a traballar, e dous meses despois, é dicir, en xuño do 2013, lanzamos unha actividade que nos serve de presentación do proxecto, e así comprobar se toda esta demanda xurdida, realmente se materializa. Realízase en Santiago de Compostela co formato dunha sesión de mañá (4 horas, e por tanto sen estar homologada). E, malia ter sido publicitada tan só en quince días, logrouse unha matrícula de 24 persoas de diferentes ámbitos educativos, confirmando dese xeito a existencia dun interese e unha inquedanza real por unha nova forma de facer e de traballar.

O obradoiro RESPIRANDO ALEGRÍA. IOGA DA RISA, impartido por Ángel Sánchez, profesor de loga e Dinamizador, pretendeu ser o punto de partida dun proceso de formación-investigación máis amplo que se está a materializar na actualidade.

Foi este un obradoiro destinado a sorprenderse xogando e gozando da nosa propia risa, a afrouxar e vivir plenamente sensacións emocionantes, xa que todas/os temos algo moi especial no noso interior. Facilitáronse así as ferramentas para poder expresalo e vivilo, sen tensións e dun xeito lúdico.

- O primeiro obxectivo era o de presentar de xeito lúdico e vivencial unha proposta de Formación ó longo do curso 2013-2014: un programa, o Re.Cursos, que pretende ser un espazo formativo no que xa estamos a abordar e a practicar dinámicas derivadas do loga e outras técnicas de expresión holísticas. Nesas intencións bosquexabamos xa o programa Re.Cursos coma un espazo que xeraría un grupo de práctica e investigación con varios obxectivos, que se definirían conxuntamente coas participantes no mesmo. Así, os/as participantes disporán da posibilidade de tutoría e seguimento na implementación dos diferentes recursos no seu centro o espazo educativo.

- O segundo dos obxectivos fundamentais encamiñábase a realizar unha sesión vivencial para contactar co Método e recoller as necesidades das interesadas en participar no vindeiro curso no programa Re.Cursos. Igualmente, pretendeuse eliminar tensións, liberándonos de niveis de estrés nocivos; propiciar a vivencia da risa auténtica e sandadora; aumentar a autoestima das persoas participantes; potenciar a capacidade creativa e de compromiso cunha mesma; espertar a conciencia do "aquí agora"; e desenvolver a capacidade creativa.

Baixo este contexto, xa durante o verán do 2013 elaboramos un programa anual que leva por título: RE.CURSOS. RESPIRANDO ALEGRÍA, cunha estrutura diferente ás que levamos realizado en NEG, pois se trata de 4 módulos:

- o Módulo 1: Ámbito físico.
- o Módulo 2: Ámbito Emocional.
- o Módulo 3: Ámbito social.
- o Módulo 4: A Agresividade/Creatividade.

Este módulo foi deseñado, despois da proposta colectiva das participantes que acudiron á xornada de xuño. Aquí contemplamos a colaboración de Carmen Loureiro e do propio programa

de NEG: Vivir Xuntos. Convivir (Lugo). Toda esta formación tiña un fío condutor: o Compromiso das participantes (Compromiso cunha mesma; Compromiso coa formación; Compromiso no ámbito educativo), e onde ofreciamos unha titorización, é dicir, un acompañamento/asesoramento durante dita formación. (Para saber máis sobre o proxecto, tan só hai que visitar o web de NEG).

Ponse en marcha en outubro, pero non somos capaces de materializalo por diversas dificultades que se traducen en non cubrir a matrícula mínima necesaria.

A situación exposta anteriormente, non nos fai desistir, pois as persoas que estamos a organizar esta formación, estamos convencidas de que este tipo de formación (onde a persoa educadora debe transformarse e emocionarse) pode ofrecer as ferramentas e os Re.cursos necesarios para poñer en marcha un proceso de empoderamento dentro do ámbito educativo (ben sexa, dentro do ámbito da escola como do ámbito social, cultural, da saúde...) e por tanto, traballar dende a perspectiva da cultura da paz, a convivencia e o respecto.

Por esta razón, decidimos cambiar de formato e desfragmentar a formación, organizando tan só o primeiro módulo, que se lanzou en Santiago de Compostela, o 8 e 9 de febreiro do 2014, mais a nosa intención é seguir coa idea de poñer en marcha un espazo construído colectivamente, chamado ALMA.Zen, que servirá para formar un grupo de estudo e investigación, e que colectivamente poidamos continuar dando pasos con corazón.



VII ENCONTRO DE DEBATE SOBRE O MEDIO RURAL: CULTURA E SOCIEDADE

GRANXA DE BARREIROS (SARRIA), 27 E 28 DE SETEMBRO DE 2013

Os Encontros de Debate sobre o Medio Rural son unha iniciativa singular que se inicia no ano 2006 e da que se levan desenvolvido seis edicións. Desde os seus comezos pretendeu servir de espazo de encontro e confluencia para dar a coñecer e impulsar accións a prol dun futuro sustentable para o medio rural. Nesta dirección, o papel da cultura e da educación adquire unha importancia estratéxica, tal e como o recoñecen distintos organismos internacionais.

Esta VII edición dos ENCONTROS DE DEBATE SOBRE O MEDIO RURAL: CULTURA E SOCIEDADE celebrouse na Granxa de Barreiros (Sarria). A elección deste espazo relaciónase directamente co propósito de poñer de relevancia a experiencia pedagóxica e cultural de orientación agropecuaria desenvolvida alí a mediados do século pasado, e de recoñecermos nela a pegada de Avelino Pousa Antelo e de Valentín Arias López, persoas dinamizadoras destas iniciativas nese contexto e cunha especial sensibilidade a prol do medio rural desde unha visión propia, en clave de país, no que hoxe podería cualificarse de emprendedurismo endógeno e proactivo.

Velaquí unha breve síntese das distintas actividades incluídas no programa e que se foron sucedendo ao longo dos dous días de encontro:

A primeira conferencia: Do labrego á empresa agraria: declinio e futuro do medio rural foi impartida por Mar Pérez Fra, profesora do Departamento de Economía Aplicada na Escola Politécnica Superior de Lugo (USC). A súa exposición clara e moi interactiva suscitou preguntas e reflexións por parte dos asistentes marcando un ambiente propicio para o debate que se mantivo ao longo dos encontros.

Tamén na tarde do venres tivo lugar a Homenaxe a Avelino Pousa Antelo e a Valentín Arias López. A homenaxe contou coa presenza do profesor e escritor David Otero Fernández, Asunción Fernández Puentes, coordinadora pedagóxica da Granxa de Barreiros e directora do Colexio Fingoi, e o profesor Antón Costa Rico da USC que ademais de como relator exerceu como moderador. Por razóns dunha indisposición non puido estar presente o escritor Agustín Fernández Paz. O acto foi moi emotivo e achegou moito interese aos asistentes. Contouse coa presenza de membros das súas familias. De seguido os asistentes gozaron dun concerto-homenaxe a cargo dos compoñentes do espectáculo musical "A miña primeira Rosalía".

Xa na mañá do sábado 28 desenvolveuse a Charla-coloquio sobre a experiencia da Granxa de Barreiros, a dúas bandas. A granxa de Barreiros e os cursiños para a formación do maxisterio foi o relatorio de Narciso de Gabriel, profesor de Teoría e Historia da Educación na Facultade de C. da Educación da Coruña (UDC) e A granxa de Barreiros, de onte a hoxe. Traxectoria dunha experiencia anovadora, unha segunda achega a cargo de Asunción Fernández Puentes, coordinadora pedagóxica da Granxa de Barreiros. A profusión de información e documentos audiovisuais engadiu elementos do pasado e do presente de enorme interese. Suscitouse un amplo debate e preguntas para coñecer detalles concretos da historia e do momento actual.

Pechamos a mañá coa mesa redonda sobre Experiencias de dinamización sociocultural do medio rural, na que estiveron presentes como relatores:

- o Asociación de Veciños de Cabreiros (Xermade). Xosé Manuel Felpeto.
- o Documental "Somos acá". Plataforma pola defensa do rural e da montaña.
- o Construíndo cidadanía a través da animación sociocultural. Alberto García, técnico municipal de cultura de Boiro.

En tódolos casos os relatorios acompañáronse de material audiovisual que centrou a atención dos presentes. A preocupación das familias, do profesorado e no seu conxunto das comunidades



rurais polo seu propio futuro ligado aos recortes na educación no rural acapara o interese dos participantes. Foron moi ben recibidas as experiencias de animación sociocultural e as reflexións achegadas polos relatores.

Despois do xantar, a primeira hora da tarde continuou a seguinte mesa redonda A escola como axente cultural. Que hai de novo?. Esta mesa achegou experiencias ricas e consolidadas nas que é moi destacable a súa apertura á contorna e a implicación das familias e da comunidade no traballo educativo.

- o O CPI Castroverde, un exemplo de comunidade de aprendizaxe, as relatoras presentaron o proceso mediante o cal o seu centro foi incorporando a presenza de persoas adultas no traballo educativo cotiá. Acompañaron a presentación de elementos audiovisuais que recollen aspectos e valoracións dos participantes nesta experiencia dando pé a un amplo debate entre os asistentes.

- o O CPI Navia de Suarna. Unha traxectoria de dinamización sociocultural. Fernando J. Martínez Yáñez, profesor de Secundaria. Este relatorio evidenciou o esforzo do centro e do seu profesorado por abrirse á súa contorna e implicar á comunidade de referencia no proceso educativo. Tamén é un exemplo de preocupación pola apertura de horizontes, asentada no aprecio do propio medio. Acompañouse de material audiovisual que permitía unha mellor comprensión do conxunto de accións desenvolvidas polo centro.

- o A Escola de Vixoi, unha experiencia interxeracional. Alicia López Pardo, mestra de Educación Infantil. A relatora, profesora xubilada cunha moi ampla experiencia no ámbito da renovación pedagóxica achegou elementos da derradeira experiencia educativa nesta escola, inspirados na lectura actualizada da pedagogía freinetiana.

- o O rexurdir dun proxecto socioeducativo. Asociación Socioeducativa Antonio Gandoi. Sara Paz Combarro, educadora. Esta experiencia ten como punto de partida a conservación e actualización activa do legado da experiencia Preescolar na Casa, referente na educación rural galega. Trátase dun xermolo que empeza a súa andaina e do que a relatora explicou polo miúdo os seus obxectivos e características. As persoas asistentes expresaron a súa confianza no proxecto, lembrando a fonda pegada de Preescolar na Casa e a súa inxustificada perda, ao fío dos recortes que afectan ao mundo do ensino e moi especialmente o ensino rural.

En relación as Conclusións fixéronse propias as demandas reflectidas noutros Encontros relacionadas co desenvolvemento dun plan integral específico do medio rural. Recoñeceuse o labor que nesta liña vén desenvolvendo a Mesa Específica de Educación no Rural. Igualmente considerouse moi importante espallar as experiencias culturais e educativas que se desenvolven desde as escolas e tamén desde o tecido asociativo do medio rural, e avogouse pola creación de estruturas propositivas e de seguimento da educación no medio rural, tal e como sucede noutras comunidades con figuras como Observatorios ou outras fórmulas que integrasen tamén ao ámbito da formación inicial (no caso da universidade e os ciclos superiores de formación profesional) e da formación permanente, así como o ámbito cidadá (familias, tecido asociativo, etc).

Desde o punto de vista da organización é salientable o alto cumprimento dos obxectivos e o clima de debate, moi positivo e facilitador para o intercambio de información. Tamén foi importante a presenza e colaboración das anpas do rural. Constatouse como a hospitalidade e as instalacións da Granxa de Barreiros foron elementos de enorme valor neste sentido. A celebración do concerto homenaxe foi un emotivo agasallo para os asistentes ao acto e tamén para a memoria de Avelino Pousa Antelo e Valentín Arias López, mestres cuxo recoñecemento centraba unha grande parte do Encontro.

V CURSO DE FORMACIÓN SOBRE O PATRIMONIO LÚDICO: "XOGO TRADICIONAL E DESENVOLVEMENTO PSICOMOTRIZ"

CARBALLO, 8 E 9 DE NOVEMBRO DE 2013. ACTIVIDADE COORGANIZADA COA ASOCIACIÓN GALEGA DO XOGO POPULAR E TRADICIONAL

No ano 2009, a Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional e Nova Escola Galega organizaron en Melide unha actividade de formación que pretendeu achegar o estudo do patrimonio lúdico ao ámbito educativo. A resposta obtida por aquela convocatoria, téndose esgotado todas as prazas ofertadas, provocou que se concibise unha segunda edición do Curso no ano 2010, daquela centrada máis especialmente nalgúns didácticas específicas, pero na que non se esqueceron perspectivas máis globais –institucións europeas, universitarias, gobernos locais, ámbitos empresarial...– co obxectivo de ir construíndo unha visión o máis completa posible dos procesos de recuperación dos patrimonios lúdicos nacionais. E, así, ata un total de catro convocatorias sucesivas.

Nesta quinta edición a actividade desenvolveuse en Carballo, a capital de Bergantiños, unha das comarcas máis e mellor definidas a nivel cultural de todo o país, na que o patrimonio lúdico atopa manifestacións específicas e na que se están desenvolvendo interesantes proxectos de recuperación e posta en valor do xogo tradicional: clubs de chave, o Museo Etnolúdico de Galicia, de Ponteceso, desenvolvemento de teses de doutoramento sobre os espazos de xogo, proxectos de longo percorrido nalgúns centros da comarca... Particularmente, o Curso pretendía afondar na relación das prácticas lúdicas tradicionais co desenvolvemento psicomotriz e co crecemento harmónico do ser humano.

Asistiron un total de corenta e tres profesores e profesoras. A maior parte dos participantes foron profesionais do ensino secundario público. Os asistentes procedían practicamente de toda Galicia. Ademais de membros da AGXPT, contou cun total de nove relatores/as externos, entre eles o profesor da Universidade Pablo Olavide, de Sevilla, Julio Ángel Herrador Sánchez.

O Curso contou con sesións de aprendizaxe de xogos e de construción de xoguetes; con obradoiros específicos sobre o xogo tradicional e a música; con relatorios/as plenarios e con comunicacións sobre todo centradas na comarca de Bergantiños.

Os obxectivos do Curso foron razoablemente conseguidos, e mesmo a avaliación dos asistentes foi, en xeral, satisfactoria. Ora ben, a organización, despois de cinco anos de experiencia, valora na actualidade partir de novos enfoques de cara a futuras convocatorias.

Paga a pena, por ser de xustiza, destacar a colaboración do Concello de Carballo na organización, e o seu interese en seguir sendo sede da actividade en posteriores edicións. Tamén debe ser destacada a colaboración inestimable de Apolinar Graña Varela, investigador do patrimonio lúdico na Universidade da Coruña.





VI XORNADAS DE MATERIAIS DIDÁCTICOS: "RECURSOS E MATERIAIS DIDÁCTICOS PARA O ENSINO EN GALEGO"

FACULTADE DE EDUCACIÓN (CAMPUS VIDA) - SANTIAGO DE COMPOSTELA, 20 E 30 DE NOVEMBRO DE 2013. ACTIVIDADE COORGANIZADA COA COORDINADORA GALEGA DE EQUIPOS DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

As VI Xornadas de materiais didácticos: "Recursos e materiais didácticos para o ensino en Galego", organizadas conxuntamente por Nova Escola Galega e a Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística, tiveron este ano unha intencionalidade práctica, na que os asistentes puideron atopar un espazo de reflexión sobre o emprego dun abano de materiais didácticos innovadores e para o ensino en galego.

Nas sesións teóricas destas Xornadas situámonos ante a cuestión da elaboración dos materiais e dos recursos no conxunto das tomas de decisións co obxectivo de difundir os materiais didácticos innovadores concibidos e promovidos polo profesorado dos diferentes niveis do ensino e tamén dende diferentes colectivos de carácter educativo (concellos, movementos de renovación pedagóxica...) coa finalidade de contribuír á normalización lingüística. Así tamén se pretendeu reflexionar sobre a relevancia e a necesidade de dispor de recursos educativos en galego para os diferentes niveis do ensino.

Deste xeito, os diferentes relatores ofreceron propostas sobre as que os asistentes puideron aprofundar temática dos materiais didácticos en xeral, e sobre algunhas tipoloxías de materiais en particular, enfocando este ano, a temática nos recursos e materiais didácticos en Galego.

Os obradoiros foron sesións participativas, onde os/as asistentes tiveron a posibilidade de participar en obradoiros que nos axudaron a crear materiais didácticos e a contribuír á súa distribución.

Na xornada do segundo día realizáronse simultaneamente cinco obradoiros, nos que os asistentes foron rotando segundo os seus intereses profesionais e persoais.

Na mesa redonda Recursos en Galego de apoio no labor docente (I), os relatores da mesma, Valentina Formoso e Ana Castro Pardo (Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística), Carmen Denébola, Mercedes Queixas, Sofía Riveiro e Manuel Caeiro foron dándonos a coñecer os materiais didácticos que eles empregan día a día no seu quefacer diario, así como diferentes recursos que poden ser útiles para poder empregar eses materiais nas aulas e tamén para poder crear outros novos.

Seguidamente, Pilar Sampedro e Cristina Novoa enfocáronnos as Bibliotecas escolares galegas, fornecedoras de recursos diversos e xa para rematar a xornada do sábado, presentouse o libro "Materiais e Experiencias educativas innovadoras" da editorial Toxosoutos e Nova Escola Galega, coordinada por Montse Castro, Helena Zapico e Xesús Rodríguez, na que interviñeron Montse Castro e Xesús Rodríguez e na que salientaron que esta publicación recolle máis de 30 materiais e experiencias "innovadoras" que se desenvolveron en Galicia nos últimos anos. Unha boa parte dos recursos e iniciativas que se recollen no libro pretenden constituírse en ferramentas alternativas ou complementarias aos libros de texto, amosando prácticas innovadoras de traballo na aula e de atención ás diferentes necesidades do alumnado e profesorado.

As sesións de obradoiros desenvolvéronse durante unha mañá, que foi insuficiente para todos os asistentes, que destacaron a necesidade de continuar ou ampliar os tempos deste tipo de actividades.

Destacamos que estes obradoiros tiñan a intencionalidade de amosar aos diferentes asistentes



unha variedade ampla de diferentes materiais didácticos en Galego co fin de animar a crear e empregar materiais didácticos innovadores.

Estes obradoiros foron:

1. Héctor Manuel Cagiao: Recursos Educativos na Rede. Emprego de Moodle.
2. Camino Pereiro: Materiais Didácticos e Proxectos Educativos.
3. Manel Rives: Libros dixitais en Galego. Posibilidades nas aulas.
4. Manuel Caeiro: AREA: Plataforma Web para o desenvolvemento de Actividades e Guías Educativas

Ao longo da xornada de tarde, levouse a cabo unha presentación de ao redor de 20 experiencias de materiais elaboradas polo mesmos docentes, na que se foron presentando cinco experiencias simultáneas co fin de que os asistentes puideran ir rotando polas diferentes experiencias segundo os seus intereses. Deste xeito, cada experiencia foi repetida dúas veces para facilitar que todos os asistentes asistiran a un maior número de presentacións xa que os intereses podían ser diversos.

Finalmente, as Xornadas rematan coa presentación da Obra-recurso Tastarabás na que Antón Cortizas nos narra o proceso de elaboración da obra citada co fin de darnos a coñecer o porqué de dita creación.

Logo de destacar a importancia e interese de coñecer diferentes materiais e diferentes experiencias vividas xa por outros profesionais, o conxunto de participantes resaltaron a importancia de coñecer diferentes materiais como punto de partida para unha creación propia.

Este tipo de actividade pretende ser un espazo de reflexión que xorde con vocación difusora e impulsora de espíritos críticos, construtivos e comprometidos co cambio necesario.



I XORNADAS DA MÚSICA NAS ARTES. HISTORIA, CINEMA, LITERATURA, EDUCACIÓN

LUG2 (LUGO), 13 E 14 DE DECEMBRO DE 2013

O que se tentou facer con esta actividade é mostrar a música desde diferentes puntos de vista e, tamén, as súas posibles aplicacións en distintos ámbitos de traballo ou mesmo de lecer. A música ten, dende sempre, unha importancia social e cultural, pero tamén sensorial e mesmo corporal. É moi diferente a súa aplicación nos diferentes eidos: cine, literatura, educación... pero en todos eles a une un denominador común: é transmisora de sensacións, ideas, imaxes... Trátase de aprender a utilizala e a interpretala.

O coidado do patrimonio musical para coñecemento e goce das novas xeracións constitúe un labor pedagóxico de primeira magnitude e rebélase como un campo de traballo interdisciplinario que precisa das sinerxías entre os diferentes axentes e actores culturais en complicidade co conxunto da comunidade educativa.

Desde o punto de vista da organización e de acordo coa opinión expresada polo profesorado participante desenvóléronse satisfactoriamente os obxectivos previstos. A interacción dos participantes cos relatores e relatoras a través de dinámicas variadas abriu un campo de posibilidades pedagóxicas, consonte cos obxectivos que se marcaron e que a continuación se relacionan:

- a. Coñecer as diferentes aplicacións que ten a música como transmisora de emocións e ideas segundo o contexto e o medio no que se aplica.
- b. Achegarnos ás especificidades de cada medio: cine, literatura... e coñecer as dificultades e as técnicas á hora de traballar coa música.
- c. O ritmo e a psicomotricidade. A importancia da música para o noso corpo.
- d. Establecer un ámbito de reflexións e experiencias sobre como incorporar a música nas aulas e como traballar cos máis pequenos

Faremos de seguido un breve percorrido polo transcorrer de cada un dos días destas I Xornadas da Música nas Artes:

Na tarde do venres tivo lugar a primeira conferencia, "A música para os/as máis pequenos/as", que foi impartida por Gloria Mosquera, mestra e integrante do grupo de música infantil Mamá Cabra. A relatora optou por unha metodoloxía moi práctica. Guitarra en man, fixo que os/as asistentes cantasen con ela e aprendesen diferentes técnicas para facer que os nenos e as nenas participen da música e aprendan a concentrarse e a prestar atención ó que escoitan, sendo capaces de interpretar o significado tanto das letras como das melodías.

A música no cine foi a segunda das conferencias desa mesma tarde, impartida polo cineasta compostelán Alfonso Zarauza, quen explicou a maneira na que el traballa coa música nos seus filmes e das diferentes opcións que un director ten á hora de facer unha película e decidir como vai ser a banda sonora: moita melodía ou pouca, moita música ou pouca... todo dependendo do que se queira transmitir. Ademais, aprendeuse que non só é importante a música en si, se non todo o resto dos sons: os efectos, as respiracións, os sons diexéticos e extradiexéticos... Posteriormente á súa explicación, puidemos ver unha parte do seu último filme "comercial" Os fenómenos e a súa segunda película, gravada en 16mm en branco e negro Encallados, onde a única música que se utiliza é a que sae dun vello tocadiscos.

Xa durante a xornada do sábado, Xosé Xermán Lastra Muruais encargouse de abrir a mañá falando do Grupo Leticia, do colexio Manuel Masdías (Caranza-Ferrol). Trátase dunha experiencia inusual, consistente na formación dun grupo integramente infantil que interpretaba cantigas propias en lingua galega, primeiro para concursar no desaparecido festival de "Cantareliña" que se celebraba en Mugardos, e despois simplemente para pasalo ben e ter contacto coa nosa cultura.

Nacido no 1983, desapareceu hai uns tres ou catro anos trala xubilación de Lastra, deixando atrás actuacións en toda a Península e incluso fóra (Amsterdam, Bruxelas, Suíza...). Lastra acompañou a súa presentación con vídeos e fotografías do grupo, material no que se ía apreciando o paso do tempo e a evolución física dos seus compoñentes, xa que nalgún caso pertenceron á formación desde os 4 ós 26 anos.

A continuación, na mesa redonda "Música e historia. A actividade musical durante a ditadura", estiveron presentes como relatores Mini e Mero, María Manuela e Pilocho. Faláronnos das dificultades que atopaban para actuar, da censura e ó mesmo tempo do espírito crítico e do gran interese cultural e artístico que tiña a xente naquela época. Ó final do seu relatorio interpretaron todos xuntos a cantiga "Irmaus" e, posteriormente, Mini e Mero cantaron "Penélope".

Á mesa redonda seguiu a conferencia "Música e literatura: O meu primeiro Celso Emilio e A miña primeira Rosalía". Xurxo Varela, un dos directores artísticos destes proxectos e encargado de gran parte dos arranxos, fixo unha introdución da relación existente entre a literatura e a música en canto a linguaxe e estrutura, para posteriormente falarnos das dificultades coa que un se atopa á hora de musicar poemas xa escritos por outras persoas e das diferentes percepcións que as distintas persoas teñen sobre os significados das melodías: onde unha persoa percibe tristeza, outra pode sentir alegría, por exemplo. Rematou a súa intervención falando do seu traballo en concreto nestes dous libro-disco e das particularidades da obra de Celso Emilio e Rosalía, que implican tamén particularidades á hora de musicar os seus poemas.

Durante a tarde do sábado, contamos cun obradoiro de percusión impartido por Juan Collazo, percusionista do grupo Odaiko e profesor no conservatorio de Santiago. Nel, Collazo traballou cos asistentes a coordinación, a memorización de parámetros e estruturas e a necesidade do traballo en grupo e a confianza á hora de tocar a través de diferentes exercicios prácticos de percusión corporal e con instrumentos tradicionais galegos.

Por último, as xornadas finalizaron coa asistencia á actuación de "A miña primeira Rosalía", da man de Mini e Mero, María Manuela e Xiana Lastra, que interpretaron unha dúcia de temas baseados nos poemas de Rosalía de Castro e que se inclúen no libro-cd co mesmo nome.



CICLO DE CINE E HISTORIA: CINEMA, MEDIOAMBIENTE E CONFLITO SOCIAL

FACULTADE DE FILOSOFÍA (CAMPUS VIDA) - SANTIAGO DE COMPOSTELA, 13, 20 E 27 DE NOVIEMBRE, E 3 DE DICIEMBRE DE 2013. ACTIVIDADE COORGANIZADA COA ASOCIACIÓN CULTURAL SINE NOMINE, HISTAGRA-GRUPO DE HISTORIA AGRARIA E POLÍTICA DO MUNDO RURAL DA USC E O PROXECTO DE INVESTIGACIÓN "MOBILIZACIÓN POLÍTICA E CONFLITIVIDADE SOCIAL NUN CONTEXTO DE GRANDES CAMBIOS: A GALICIA RURAL DURANTE O TARDOFRANQUISMO E A TRANSICIÓN (1960-1982)".

Esta actividade de formación do profesorado, que se desenvolveu na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela, foi dirixida por Daniel Lánero Táboas, investigador principal do proxecto de investigación "Mobilización política e conflitividade social nun contexto de grandes cambios: a Galicia rural durante o tardofranquismo e a transición (1960 – 1982)". Trala realización da mesma, coidamos ter acadado os seus seus obxectivos máis salientables, que foron os seguintes:

- Poñer de manifesto a importancia de introducir nos currículos os problemas do mundo actual.
- Concienciar o profesorado sobre a necesidade de transmitir nas aulas valores como a solidariedade, a tolerancia, etc.
- Sensibilizar os asistentes sobre a posibilidade do uso do cine como material de traballo na aula.
- Dotar o profesorado de materiais concretos relacionados co currículo da materia de Historia Contemporánea.
- Actualizar coñecementos e presentar un estado da cuestión dende o punto de vista historiográfico sobre algúns aspectos do currículo da materia de Historia Contemporánea.
- Influir nos asistentes para mobilizar as ideas e espertar o espírito crítico arredor de problemas sobre os cales, por seren coñecidos, moitas veces obviámos reflexionar.

O Ciclo de Cine e Historia: Cinema, medioambiente e conflito social contou con catro sesións de traballo principais, que pasaremos a describir nas seguintes breves liñas:

Durante a primeira sesión, tras facer unha breve introdución ao ciclo, Daniel Lanero presentou ao relator, Lorenzo Fernández Prieto, catedrático de Historia Contemporánea da USC, quen comezou a súa exposición cunhas breves referencias aos documentais que corresponden a esta sesión: Autopista, unha navallada á nosa terra (1977) e O monte é noso (1978), dos que Llorenç Soler é autor. Trátase de documentais militantes, feitos no seu tempo cunha mirada "bastante antropolóxica". Para entender estes documentais de hai case corenta anos, mesmo para entender a proxección ao presente dos problemas tratados, cómpre saber que a metade do territorio galego é monte comunal, unha realidade que se dá en Galicia e noutros moi poucos territorios europeos. Unha realidade que intentou rachar o réxime liberal dende o século XIX e a ditadura franquista coa súa política repoboadora (eucalipto, piñeiro) que pretendía especializar o monte galego na produción forestal. O propio réxime tivo que dar marcha atrás, en certa maneira, en 1968 cando unha sentenza do Tribunal Supremo obrigou a devolver a propiedade dos montes ás comunidades de veciños. Rematado o visionado dos documentais, abriuse unha quenda de debate no que se falou das posibles semellanzas entre os conflitos medioambientais da época estudada e os da actualidade, das semellanzas e diferenzas na resposta social, da postura do campesiñado ante as transformacións económicas e políticas, etc.

Carme Alvarinho Alejandro, profesora no IES de Sar (Santiago de Compostela), foi a encargada de presentar a segunda sesión do Ciclo, que se celebrou o mércores 20. A profesora, que

dixo que o protagonista da sesión era a auga, presentou a Raúl Sotuelo Vázquez, tamén profesor de Ensino Secundario (IES de Porto do Son), de quen destacou a súa experiencia no terreo da formación do profesorado así como a súa traxectoria investigadora, especializada en movementos migratorios. Raúl Sotuelo, autor dun traballo sobre as repercusións da construción do embalse de Castrelo de Miño nos anos sesenta, comezou o seu relatorio resaltando o feito de que nun primeiro visionado do filme da sesión (La selva esmeralda) non lle foi doado atopar puntos de coincidencia co tema da súa exposición. Unha exposición, dixo, preparada sobre o feito de que a maior parte das persoas asistentes ao ciclo están dedicadas ao ensino secundario.

Xa na terceira sesión, Ramón López Facal, profesor da USC, presentou a Alba Díaz Geadá, quen acaba de acadar a máxima puntuación na defensa da súa tese de doutoramento: Mudar en común. Cambios económicos, sociais e culturais no rural galego do franquismo e da transición (1959-1982); un traballo que inclúe un apartado sobre a mobilización contra a construción dunha central nuclear en Xove (Lugo), que é o tema da sesión. Alba Díaz destacou a multiplicidade de puntos de vista para acercarse a esta cuestión, deixando ben claro que ela non estudou o proceso de mobilización en se mesmo senón como un instrumento para coñecer os cambios e as permanencias na actitude do campesiñado labrego. Axentes, repertorios de protesta ou motivacións son aspectos sobre os que falou Díaz Geadá, quen tamén insistiu na importancia do contexto político no que se deu o conflito de Xove. Marcando distancias entre a Galicia do momento e o País Vasco (neste caso, o recurso á violencia, a presenza de ETA constitúe o elemento diferenciador), quixo destacar, por outra banda, o tratamento que Lemoniz, la central fantasma, dá aos veciños, que tan soamente aparecen ao final do documental.

Tralo visionado do filme, abriuse unha quenda de intervencións nas que, unha vez máis, se falou das posibilidades que ofrece Lemoniz para as aulas así como dos problemas medioambientais actuais.

Finalmente, o día 4 de decembro celebrouse a derradeira sesión do Ciclo. Xaquín Rudido Muñiz foi o encargado de levar a diante a sesión na que se visionou A mirada de Anna, documental no que a fotoxornalista catalana repasa a Transición en Galicia. Xaquín Rubido é un ecoloxista de longa traxectoria de activismo sociopolítico. Participou na creación do Sindicato Agrario Galego, no Círculo de Información e Estudos Sociais (CIES), na formación da Coordinadora Veciñal de Montes en Man Común de Pontevedra, na Comisión Cidadá en Defensa da Illa de Cortegada... Na actualidade é voceiro da Plataforma Nunca Máis. A persoa axeitada, xa que logo, para comentar A mirada de Anna, filme no que se nos fala, entre outros moitos temas, da construción da Autopista do Atlántico, do conflito de Xove, dos montes en man común, etc. O comentario de Xaquín Rubido tratou dos movementos sociais na Transición e hoxe, das diferenzas e das semellanzas.

Non nos queda nada máis que agradecer a participación de todas as persoas que colaboraron neste curso: quen se encargou dos relatorios, asistentes e responsables das burocracias, que non son poucas.





GALA NEG "PARA SEGUIRMOS CAMIÑANDO"

AUDITORIO DE GALICIA (SANTIAGO DE COMPOSTELA), 30 DE NOVIEMBRE DE 2013


As difíciles condicións actuais, coa ausencia total de axudas por parte das administracións, existen desenvolvermos accións alternativas para podermos sustentar economicamente o noso proxecto asociativo. Con este propósito, celebramos a gala de apoio a Nova Escola Galega, baixo o título de "PARA SEGUIRMOS CAMIÑANDO", que tivo lugar na Sala Mozart do Auditorio de Galicia o día 30 de novembro e na que estivemos arroupados/as por artistas excepcionais.

Foi unha tarde-noite ben fermosa e, en liñas xerais, valoráronse positivamente os resultados obtidos trala gala, coidando que se acadaron os obxectivos perseguidos, isto é, lograr financiamento –preto duns tres mil euros–, así como a satisfacción dos asistentes.

Tivemos sen dúbida unha ocasión ben acaída para reivindicarmos arredor da música e da palabra a vixencia das ideas que defendemos, precisamente nun momento no que sufrimos o maior ataque á educación pública e á lingua, que desde o noso nacemento podemos recordar.

Moitas grazas a tódalas persoas asistentes e tamén ás que colaboraron mercando unha fila 0. Tamén ós grupos e amigos que nos acompañaron desinteresadamente coa súa música e o seu traballo e que compuxeron un luxo de programa: Agustín Fernández Paz, Alberto Mancebo, A miña primeira Rosalía (Mª Manuela, Mero, Mini e Xiana Lastra), Odaiko, Os d'Abaixo, Tamara Sánchez, Sergio González e Moncho Rivadulla. A nosa emocionada gratitude a este grupo de magníficos artistas, moitos dos cales xa colaboraran con nós noutras ocasións, nas nosas propias actividades ou con motivo dalgunhas presentacións da Revista Galega de Educación. Desta volta fixéronnos un novo agasallo, precisamente neste ano que se faciamos trinta desde os nosos comezos.





PROGRAMA "VIVIR XUNTOS, CONVIVIR"

Un grupo de persoas encabezado por Berta López continuou co labor iniciado no ano 2005, desenvolvendo o Programa Vivir Xuntos convivir, en colaboración coa Concellería de Educación do Concello de Lugo e Educadores pola Paz de Nova Escola Galega.

Durante o ano 2013 desenvolvéronse as seguintes actividades:

- Obradoiro para rapaces: Mediación escolar e axuda entre iguais. Nivel 2. Formación de Alumnado Mediador. Febreiro 2013.

Foi impartido por Marina Villamarín Díaz e Berta Dolores López Álvarez. Cunha duración de 10 horas, asistiron alumnos e alumnas (un total de 18 alumnos) de todos os IES da capital:

- IES Lucus Augusti
- IES San Xillao
- IES A Nosa Señora dos Ollos Grandes
- IES XOAN Montes
- IES Leiras Pulpeiro
- IES Muralla Romana

- Curso para profesores de ESO e BAC. Decembro 2013.

- Obradoiro 2: Aprendizaxe cooperativa, un mecanismo para afrontar a disrupción

Impartido por X.A. Barral e Berta López

Duración: 7 horas. (Unha sesión práctica, para preparar material de distintas materias e logo levala á aula)

- Obradoiro 3: Estilos de comunicación. Comunicación non violenta (nivel II)

Impartido por Carmen Sarmiento Marqués.

Duración: 6 horas

- Obradoiro 4: O xogo cooperativo: a creación de vínculos afectivos rebaixa tensións dentro da aula

Impartido por Branca Nazaré Guerreiro Muñoz

Duración: 5 horas

- IV XUNTANZAS DE ALUMNADO MEDIADOR: Cultivamos emocións e divulgamos a Mediación.

Celebrada os días 10 e 11 de maio na residencia xuvenil Lugo II, no evento participaron un total de 32 alumnos e alumnas de toda Galicia, así como o seu profesorado. A organización da xuntanza correu a cargo do programa Vivir Xuntos, Convivir do concello de Lugo, Nova Escola Galega - Educadores pola Paz. Responde a unha idea de educar na convivencia baixo un modelo que pretende potenciar a participación do alumnado como axente activo na prevención e resolución de conflitos.

Mentres mediadores e mediadoras traballaban nos obradoiros, Javier García Barreiro realizou a presentación do libro Mediación na práctica. Tamén houbo unha reunión do profesorado asistente para analizar o traballo de mediación nos centros educativos e propostas para as próximas Xuntanzas.

Contouse asemade coa visita de Ana María Pérez Veiga, directora do CPI de Castroverde, que nos informou do traballo que se está levando a cabo alí sobre "Comunidades de aprendizaxe".

Asistiron ás Xuntanzas un total de 7 profesores/as e 32 alumnos/as dos seguintes centros:

- IES Lucus Augusti (Lugo)

- IES San Xillao(Lugo)
- IES A Nosa Señora dos Ollos Grandes(Lugo)
- IES XOAN Montes(Lugo)
- IES Leiras Pulpeiro(Lugo)
- IES Muralla Romana(Lugo)
- IES de Monterroso (Monterros-Lugo)
- IES do Camiño (palas de Rei-Lugo)
- IES Carlos Casares (Viana do Bolo -Ourense)
- IES Fin do Camiño (Fisterra-A Coruña)
- IES de Teis (Vigo-Pontevedra)



Hora	VENRES 10 maio
10:30	Recepción e entrega de materiais
11:30	Inauguración das Xuntanzas
12:00	Xogos Cooperativos a cargo de Belén Piñeiro
14:00	Xantar
16:00	Obradoiro I: Educación Emocional na Mediación. Coordina Adriana Fdez Lagoa Obradoiro II: Cor e Movemento en Mediación. Coordina Anxos Romeo
17:30	Descanso
17:45	Obradoiros (continuación)
19:30	Presentación do traballo realizado por Miquel R. Carretero
21:00	Cea
22:00	"Risas e risas"

Hora	SÁBADO 11 sábado
9.00	Almorzo
9.30	Obradoiro II: Cor e Movemento en Mediación Obradoiro I: Educación Emocional na Mediación
11:00	Descanso
11:15	Obradoiros (continuación)
13:00	Xantar
13:45	Actividade sorpresa a cargo do persoal do Luq2
16.30	Asemblea. Avaliación das Xornadas Conclusións e posta en común a cargo de Belén Piñeiro
18:00	Clausura das Xornadas Despedidas



- GRUPOS DE TRABAJO

D O C U M E N T A C I Ó N

GRUPO CAMBELA

TRAZOS QUE NOS DEFINEN

- Un eixo central de investigación: a práctica educativa inclusiva e democrática.
- A procura de fundamentación teórica con especialistas nos diferentes temas.
- As relacións con outros colectivos e institucións.
- Un funcionamento democrático.
- A implicación na dinamización dos centros nos que traballamos.
- A disposición para compartir e espallar o noso traballo.
- A conciencia de pertenza a NEG:anovando, aprendendo e galeguizando.

Funcionamento de Cambela como grupo

Neste apartado hai cambios importantes respecto ao curso anteriores, pois centrámonos na procura e experimentación dun xeito de organizarnos que se axustara ás novas necesidades que viñamos percibindo nos últimos tempos.

Acordamos realizar encontros trimestrais, que complementariamos con aquelas reunións imprescindíbeis para preparar a asemblea anual de NEG, e para valorar conxuntamente, ao remate de cada curso, o vivido nel, e deseñar o seguinte. Os demais asuntos resolvémolos a través da comunicación virtual e telefónica.

Os Encontros trimestrais realizámoslos ao longo dunha fin de semana que intentamos sexa fóra de Santiago. Neles contemplamos tempo de formación-investigación (iniciámola co tema das "Necesidades relacionais"); tempo para compartir experiencias e recursos e tempo de lecer.

Este curso 2013/14, a coordinación está a cargo de Esther Vázquez Otero, e a vicecoordinación a cargo de Lourdes Campoy de la Torre.

A representante no secretariado segue a ser Esther Vázquez Otero e a da comunicación da información xurdida no secretariado entre as súas reunións mensuais Teresa Ferreiro Ferreiro.

Cambela no Grupo de Formación

Este grupo, impulsado inicialmente por Cambela, segue estando formado por 14 profes, de distintos niveis educativos, e máis a psicóloga coa que nos formamos en Análise Transaccional Integrativo no eido educativo.

Nas nosas reunións mensuais, afondamos nos temas da nosa práctica escolar a través dunha formación que Isabel López Arias dirixe situándose nas experiencias concretas nas que as docentes aportamos e nas demandas que formulamos.

No 2013, continuamos desenvolvendo o proxecto iniciado o curso anterior no CAFI: "Acción tutorial para medrar e convivir (alfabetización emocional)"

E con el, os temas que foron xurdindo nas nosas aulas (do, emocións, necesidades emocionais...) e os xeitos de manexalos (a indagación, a sintonía...) para avanzar na alfabetización emocional do alumnado e nas súa motivación para aprender. Tamén apoiamos as iniciativas que xurdiron de espallar este xeito de traballar entre orientadores e docentes a través do CAFI e aquelas que impulsaron nos seus centros algunhas das nosas compas (coa AMPA, e coas familias dos alumnado da propia titoría).

Cambela en NEG

Seguimos desenvolvendo o noso traballo no marco de NEG, e participamos na vida da asociación a través da asistencia ás reunións mensuais do Secretariado. Apoiamos e gozamos daquelas actividades que nos é posible, como foi a gala benéfica musical.

Proxectos

Os nosos obxectivos céntranse :

- En avanzar na acción tutorial a través da alfabetización emocional.
- Na investigación das necesidades relacionais a través de dinámicas que partindo da formación previas se desenvolvan a través de procesos de acción-reflexión-acción.
- En espallar as nosas descubertas.
- En instaurar dinámicas de funcionamento nos grupos de traballo que nos permitan acadar os nosos obxectivos economizando enerxía e mellorando a cohesión e o benestar persoal e do grupo.



GRUPO CAVILA

O Grupo Cavila, constitúese por profesionais do ensino: mestras/es, pedagogas/os, estudosos universitarios e persoas que comprenden a importancia de reflexionar sobre os materiais didácticos e os recursos que empregamos no ensino. Dende hai 13 anos vimos coincidindo nun espazo de debate e reflexión sobre este tema desenvolvendo propostas de actuación cara a mellora do traballo de avaliación dos materiais no contexto galego e fóra del. Desenvolvemos diferentes actividades relacionadas cos materiais como o congreso da Fenda Dixital ou as Xornadas de materiais (antes Congreso).

Vimos desenvolvendo a nosa actividade preocupándonos fundamentalmente pola reflexión e sobre o papel dos recursos educativos nos procesos de ensino e aprendizaxe, da avaliación dos materiais e a súa elaboración. A avaliación dos materiais didácticos axúdanos a seleccionar, pero sobre todo a elaborar materiais máis coherentes cun modelo e proxecto de escola concreto. Así mesmo, axuda a facer un uso máis coherente e crítico dos materiais en relación cos proxectos educativos e curriculares de centro. A avaliación axudaranos tamén a repensar o significado dos materiais didácticos nos diferentes momentos do curso e coñecer cales son as consecuencias que se derivan na práctica do uso que se realice dos mesmos. Un ano máis e por quinto consecutivo, tendo en conta a demanda e a necesidade deste tipo de formación docente en concreto, decidimos desenvolver un seminario máis sobre avaliación de materiais, e que responde a características semellantes a anteriores edicións.

Deste xeito, e seguindo a mesma filosofía que nos animou a iniciar naquel 2010, un ciclo de seminarios-obradoiros sobre a temática de avaliar materiais, tratamos na IV edición do Seminario de avaliación de materiais didácticos: O proxecto Abalar, cara a onde?, celebrada no 2013 seguir ampliando o coñecemento sobre a avaliación dos materiais en contextos reais e prácticos para a/o docente, afondando no propio profesorado, faise necesario continuar e consolidar a existencia destas sesións práctico-reflexivas. Por suposto, e respondendo as críticas construtivas que todos os anos nos veñen manifestando os asistentes, aplicamos algunhas novidades ao formato, como é posibilitar un número de obradoiros interesantes, contamos ata con 10 alternativas de asistencia con expertos avaliadores e continuamos desenvolvendo actividades cun formato de debate ampliando, así, o foro de acción das/os asistentes, aspecto que segue a ser a nosa prioridade.



GRUPO DE EDUCADORES/AS POLA PAZ

EDUCADORES/AS POLA PAZ é un grupo de profesores e profesoras dos diferentes niveis educativos, así como educadoras sociais, integrado no Movemento de Renovación Pedagóxica (MRP) NOVA ESCOLA GALEGA que ten como finalidades fundamentais a investigación e divulgación da Educación para a Paz (EP), así como os propios de Nova Escola Galega.

A maneira de actuar é sobre todo a través do correo electrónico, pois estamos moi espalladas as persoas do grupo, é un grupo consolidado que segue a traballar nos fins establecidos:


- Sensibilizar sobre a necesidade de incorporar nos proxectos educativos de todas as áreas e niveis educativos os valores da paz.
- Impulsar os tres niveis de achegamento á paz: a investigación, a acción e a educación para a paz.
- Crear e facilitar ós docentes materiais didácticos relacionados coa ampla cosmovisión da paz.
- Espallar a cultura de paz asentada na vivencia dos dereitos humanos, na xustiza social, no desenvolvemento sostíbel e na democracia.
- Difundir o compromiso coa defensa da lingua e cultura galegas.
- Fomentar a xestión democrática dos centros.

Durante este ano 2013 o traballo realizado céntrase fundamentalmente en dúas iniciativas:

Por unha parte, a organización do XXVII Encontro Galego-Portugués de Educadoras/es pola Paz, que desta quenda tivo lugar os días 26, 27 e 28 de abril de 2013, no IES Carlos Casares (Viana do Bolo), vila que viu nacer a Suso Jares. Cómpre sinalar tamén que na actualidade estase a traballar na coorganización do XXVIII Encontro Galego-Portugués de Educadoras/es pola Paz, que se celebrará os días 25, 26 e 27 de abril de 2014 en Chaves (Portugal).

Por outra parte, ao longo do ano 2013 e con continuidade plena no 2014, xurdiu no seo do grupo unha nova liña de traballo e proxección: RE.Cursos. Respirando Alegría. Trátase dunha iniciativa xurdida do labor que Susana Couso e Ángel Sánchez veñen realizando dende o pasado curso na EEI do Saltillo (Boiro), ao analizares e vivenciar os grandes beneficios que técnicas como o ioga ofrecen no ámbito educativo. O primeiro obradoiro, Respirando Alegría, loga da Risa tivo lugar no mes de xuño de 2013 en Santiago de Compostela, erixíndose en punto de partida dun proceso de formación-investigación máis amplo e integral que se está a materializar na actualidade a través do impulso de RE.Cursos e ALMA.Zen, que están a agromar con forza e alegría.





GRUPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O traballo relacionado co ámbito da normalización lingüística ten en NEG unha dimensión transversal, de xeito que as accións dos grupos de traballo e as actividades que se desenvolven supoñen sempre unha nova achega na liña dun ensino galeguizador.

De maneira específica e por tratarse dun tema nuclear para a asociación, o Secretariado en colaboración co grupo propón iniciativas de distinto alcance a desenvolver de maneira coordinada. En boa medida esta fórmula de traballo explícase tamén porque varios membros do Secretariado o son do grupo, e porque nos últimos anos, a cuestión do idioma centrou gran parte do debate político e socioeducativo, esixindo por parte da asociación un seguimento continuado, que se acentuou coa chegada do Partido Popular ao goberno impulsando, cunha intensidade demoleadora, accións regresivas para a normalización lingüística no ámbito do ensino.

Resulta salientable a participación en debates no marco de actividades de formación nos medios de comunicación, en accións relacionadas con este asunto.

GRUPO NEG LUGO

Durante o ano 2013 mantivéronse reunións esporádicas do grupo con asistencia irregular e con algunhas baixas e tamén con novas incorporacións.

Nestas xuntanzas tratáronse temas educativos de interese no momento, os temas do Secretariado de NEG, as actividades do grupo de Educadores/as pola Paz – NEG e do grupo Vivir Xuntos Convivir.

As persoas que formamos o chamado grupo de Lugo traballamos distribuídos nas actividades antes citadas da Educación pola Paz e nos temas de Convivencia en Vivir Xuntos. A maioría comparte as dúas actividades e algunhas a asistencia ao Secretariado nacional de NEG. Destacar tamén que participamos na presentación en Lugo dos números 54 e 56 da RGE: REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN.

As previsións para este ano 2014 son as de manter o grupo, inda que as xuntanzas son menores pois as axendas non permiten máis.

Os esforzos céntranse no seguimento do control organizativo dos encontros da paz de do programa Vivir xuntos, convivir, na representación no secretariado e no apoio ás iniciativas que xurdan por parte das e dos socios e, en definitiva, en seguir sendo o referente de NEG nesta zona do país.





- PROPOSTA DE ACTIVIDADES 2014

D O C U M E N T A C I Ó N

ACTIVIDADES 2014

Para este ano 2014 cumpriría elaborar un Programa de Formación Anual minucioso onde se recollan todas as actividades propostas para esta anualidade, así como a súa calendarización concreta, para evitar os problemas organizativos manifestos destes últimos meses. É necesario ademais dispor de dito Plan de Formación para poder incluílo na addenda ao convenio asinado como entidade colaboradora coa Consellería de Educación ó abeiro da nova regulación das actividades de formación do profesorado (debendo presentalo á Dirección Xeral antes do 30 de xuño de cada ano).

O certo é que dende finais do pasado 2013 vense constatando un exceso de actividades concentradas no mesmo período temporal, o que trouxo consigo múltiples e diversas dificultades organizativas, así coma certa saturación por parte dos propios destinatarios/as. Coidamos así que é preciso facer unha planificación máis razoable ou estratéxica das actividades cara o 2014, considerándose tamén importante reunir aos responsables dos grupos, facendo unha xornada interna coas coordinacións das actividades, pois de aí poderían saír criterios homologables de funcionamento, así coma un calendario de programación conxunta, unha análise dos porqués que xustifican a ausencia de profesorado nas actividades, etc.

Velaquí o bosquejo de actividades programadas para o 2014, algunhas das cales xa se celebraron.

RE.CURSOS. RESPIRANDO ALEGRÍA

8 E 9 DE FEBREIRO DE 2014 - CENTRO SOCIAL SAN LORENZO (COMPOSTELA) -
ALMA.ZEN E MOITO MÁIS - ACTIVIDADE ANUAL

Os días 8 e 9 de febreiro do 2014, lanzouse en Santiago de Compostela o primeiro módulo de Re.cursos. Respirando Alegría, mais a nosa intención é seguir coa idea de poñer en marcha un espazo construído colectivamente, chamado ALMA.Zen, que servirá para formar un grupo de estudo e investigación, e que colectivamente poidamos continuar dando pasos con corazón.

Dende o equipo que forma Re.cursos. Respirando Alegría temos o soño, a ilusión de darlle vida a este proxecto. Aprendida a lección de outubro, os nosos pasos serán máis pequenos pero non por iso menos importantes. Desta maneira, contemplamos levar a cabo a realización do primeiro módulo que xa mencionamos anteriormente.

Por outra banda, seguimos con moita atención todo o que está ocorrendo a nivel Estatal, pois existe dende hai anos, proxectos que se están a levar a cabo dende esta perspectiva. Así sabemos que a Universidade de Barcelona conta cun grupo de investigación co tema da relaxación nas aulas, Grupo Treva, e que a través da participación dun dos nosos membros (Ángel Sánchez) xa facilitamos a posibilidade de colaboración. Estamos a poñernos en contactos con outras asociacións e persoas que están a traballar por unha educación holística (que non é máis que contemplar a persoa dende todas as súas dimensións: física, psico-emocional, social, etc) e estamos dedicándolle enerxía e tempo, para crear rede e sinerxías. De feito, xa anunciamos que en marzo, acudiremos a un Congreso en Valencia representando a NEG, organizado por Mayor Zaragoza (UNESCO).


Este proceso, tamén o estamos levando a nivel galego, pois tamén existen iniciativas e persoas que están a traballar, e que só precisamos visibilizalas e formar rede.

En consecuencia, para o 2014 seguiremos coa formación Re.cursos. Respirando Alegría. Contemplamos a idea de repetir o primeiro módulo noutros escenarios, e continuar os nosos pasos, co lanzamento do segundo módulo.

Están previstas algunhas presentacións, como por exemplo na librería Lila de Lilith, en Santiago de Compostela ou levar a cabo un obradoiro co estudantado da Universidade de Coruña, apoiándonos neste cometido a nosa compañeira Cata Teasley.

Estamos convencidas de que se mudamos a forma de ver as cousas, as cousas cambiarán de forma.

Seguiremos preparando a terra, seleccionando as sementes máis adecuadas, para obter froitos de alegría, da que se xera no corazón.



XORNADAS SOBRE A LOMCE. REFORMAR O SISTEMA EDUCATIVO, PARA QUE?

12, 13 e 17 DE FEBREIRO DE 2014 – FACULTADE DE C. DA EDUCACIÓN (CAMPUS DE ELVIÑA-A CORUÑA)

A comunidade educativa enfróntase a un novo proceso de reforma educativa mediante o profundo cambio legislativo que supón a Lei Orgánica de Mellora da Calidade Educativa, actualmente en período de tramitación parlamentaria. As sucesivas versións do texto da LOMCE evidenciaron un amplo espazo de desencontro tanto no tocante á diagnose sobre as eivas do sistema educativo, como nas medidas que esta reforma formula. Asemade o contexto de crise socioeconómica e as políticas de “austeridade” marcan un tempo de restricións que afecta, con diferente alcance, á dotación de recursos materiais e humanos, e ao desenvolvemento de accións relacionadas coa igualdade de oportunidades educativas ou a atención á diversidade, eixes sobre os que se constrúe un sistema educativo de calidade.

É evidente que a LOMCE formula cambios substanciais no sistema educativo. Mudanzas que cuestionan a pervivencia do modelo comprensivo de ensino, rompen co marco regulador das competencias educativas entre as administracións, modifican a propia idea de comunidade educativa, cambian o sentido das relacións entre a dupla rede de ensino pública – privada, e incorporan controvertidos elementos sobre os modelos lingüísticos, inéditos ate agora na lexislación educativa.

Estas xornadas sobre a LOMCE pretenderon precisamente crear un espazo para coñecer, analizar e debater os eixos nos que se sustenta esta reforma educativa. Igualmente perseguían promover a reflexión sobre a reforma que precisa a institución escolar desde o coñecemento da realidade das distintas etapas educativas. De aí que os nosos obxectivos fosen:

- Contextualizar a nova reforma educativa no marco socioeconómico, ideolóxico e político da crise do estado do benestar.
- Analizar e debater sobre os problemas educativos que xustifican o actual proceso de reforma educativa: fracaso e abandono escolar; calidade e excelencia; avaliación e rendición de contas; autonomía pedagóxica e xestión democrática dos centros.
- Analizar e debater sobre os cambios nas distintas etapas do sistema educativo propostos na LOMCE.
- Analizar o novo currículo educativo desde a perspectiva da educación para a cidadanía e o laicismo.
- Reflexionar e debater sobre a distribución dos tempos escolares e a súa relación coas metodoloxías docente e os obxectivos da renovación pedagóxica: a reforma necesaria.



XORNADAS SOBRE A LOMCE: REFORMAR O SISTEMA EDUCATIVO, PARA QUE?



V SEMINARIO-OBRADEIRO DE AVALIACIÓN DE MATERIAIS

FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN (CAMPUS SUR) - SANTIAGO DE COMPOSTELA, 21 E 22 DE FEBREIRO DE 2014. - ACTIVIDADE ORGANIZADA EN COLABORACIÓN CO DEPARTAMENTO DE DIDÁCTICA E ORGANIZACIÓN ESCOLAR DA USC

O Seminario Obradoiro de avaliación de materiais didácticos vai pola súa 5ª edición. O seu carácter innovador e emprendedor constitúe unha necesidade formativa para a/o docente actual. É unha actividade con distintos modelos de avaliación de recursos educativos dirixido aos distintos ámbitos de ensino. Procuramos ofrecer ferramentas de acción que o profesorado utilice no mesmo momento de realizar esta actividade formativa, cuestionando os propios materiais e o uso que se deriva da súa práctica reflexiva nas aulas.

Os obxectivos da iniciativa serían desta quenda:

- Coñecer e usar guías de materiais educativos.
- Avaliar os materiais didácticos a través de distintos modelos de avaliación.
- Tomar decisións construtivas respecto dos materiais educativos no propio contexto.
- Tomar en valor os recursos educativos das principais editoriais en Galicia.



XXVIII ENCONTRO GALEGO-PORTUGUÉS DE EDUCADORAS/ES POLA PAZ: DEREITOS HUMANOS

25, 26 E 27 DE ABRIL DE 2014, BIBLIOTECA MUNICIPAL DE CHAVES E CENTRO DE ARTES CRIATIVAS E DE JUVENTUDE DE CHAVES (PORTUGAL) - ACTIVIDADE COORGANIZADA POLO GRUPO DE EDUCADORAS/ES POLA PAZ DE NOVA ESCOLA GALEGA, A ASSOCIAÇÃO GALEGO-PORTUGUESA DA EDUCAÇÃO PARA A PAZ (AGAPPAZ), A CASA DO PROFESSOR DE CHAVES, A FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO (OURENSE) E O INSTITUTO DE FILOSOFIA DA FACULDADE DE LETRAS DA UNIVERSIDADE DO PORTO.

Somos conscientes que o movemento Galego-Português de Educadores pola Paz enfrenta desafíos e compromisos para honrar o legado do seu fundador – Xesús Jares.

A realización do XXVIII Encontro pretende consolidar esta caminhada, perseguindo os valores proclamados pola Declaración Universal dos Dereitos humanos. A Declaración de 1948 tem sido um instrumento orientador de convenções, pactos, recomendações, programas e planos de ação para transformar a realidade, legitimando a luta contra as reiteradas crises que nos afetam. Não podemos ignorar que no mundo em que vivemos há milhões de homens, mulheres e crianças que estão longe de ver reconhecidos e assegurados os seus direitos em igualdade de condições com todos os seres humanos. As violações dos Direitos Humanos são ataques contra nós próprios, contra o nosso futuro. Sabemos que tudo o que é feito em favor dos Direitos Humanos fica aquém do que seria desejável. É imperioso manter viva a esperança para sentir, pensar e agir como cidadãos participativos e comprometidos com os valores da paz, da equidade, da liberdade, da democracia, da justiça e da solidariedade. Vale a pena continuar a lutar para que tenha sentido o artigo 1º da Declaração Universal dos Direitos Humanos : "Todos os seres humanos nascem livres e iguais em dignidade e em direitos. Dotados de razão e consciência devem agir uns com os outros em espírito de fraternidade".



X XORNADAS INTERXERACIONAIS RURAIS

24 DE MAIO, 7 E 14 DE XUÑO DE 2014, CABREIROS – XERMADE, A TERRA CHA

Nestas décimas xornadas interxeracionais rurais pretendemos seguir constituíndo un espazo de reflexión e debate para as persoas maiores deste municipio.

Trátase dunhas xornadas que van dirixidas fundamentalmente aos nosos maiores e nas que queremos ofrecerlles charlas, presentacións de ofertas de programas, visitas e festas culturais. Pero tamén se trata dunhas xornadas pensadas para que mozos e maiores poidan desenvolver un traballo conxunto, xa que un dos grandes desexos e legados dos nosos maiores é que sexan escoitados e podermos transmitir todo o que aprenderon durante a súa vida.

Para iso estamos ante unhas xornadas abertas nas que queremos contar cos máis novos. Así mesmo, pretendemos ofrecer actividades aos maiores que lles permitan seguir aprendendo cousas que poidan resultarlles útiles e interesantes.

V CONGRESO DE PATRIMONIO ETNOGRÁFICO GALEGO (II INTERNACIONAL): O AFIADO E OUTRAS TÉCNICAS ARTESANAIS DA GALICIA INTERIOR

16, 17, 18 E 20 DE OUTUBRO DE 2014, OURENSE, ESGOS, LUÍNTRA, SANTO ESTEVO DE RIBAS DE SIL, PARADA DE SIL, CASTRO CALDELAS, SAN XOÁN DO RÍO, PÓBOA DE TIVES, MANZANEDA, CHANDREXA DE QUEIXA E MONTEDERRAMO. - ACTIVIDADE COORGANIZADA COA FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN DO CAMPUS DE OURENSE (UNIVERSIDADE DE VIGO), O CENTRO DE CULTURA POPULAR XAQUÍN LORENZO, A SOCIEDADE IBEROAMERICANA DE PEDAGOXÍA SOCIAL E A ASOCIACIÓN BEN-CHO-SHEY.

Despois dos congresos sobre patrimonio inmaterial, organizados polo Centro de Estudos Xaquín Lorenzo da Deputación Provincial de Ourense, no a no 2003, e polo mesmo Centro en colaboración coa Facultade de Ciencias da Educación e coa Asociación Nova Escola Galega, en 2007, 2009 e 2011, coa publicación das actas correspondentes, pretendemos dar continuidade a este evento, coa participación destas e outras institucións implicadas na temática proposta. Igual que na pasada edición, preténdese darlle carácter internacional, co respaldo científico da SIPS.

Conscientes da importancia que ten para os educadores/as e futuros/as educadores/as, os investigadores/as, así como para a comunidade universitaria e o público en xeral, o coñecemento e posta en valor do patrimonio pretendemos dar saída a unha nova edición para o ano 2014.

O cerne desta iniciativa é fomentar a visibilización do patrimonio inmaterial e da súa riqueza na Galicia interior, así como presentar novas prácticas para a súa difusión e inmersión nos programas educativos.

O congreso preséntase deste xeito como un foro de debate e participación, do que se podan extraer conclusións para a posta en práctica de novos xeitos de coñecer, recuperar, valorar e transmitir o patrimonio común.

Os temas que se abordarán fundamentalmente son os seguintes: O oficio de afiar; Os oficios como patrimonio cultural; A lingua e os oficios: as falas gremiais; Educación, patrimonio inmaterial e oficios.

A continuación detallamos os que serán os obxectivos principais desta actividade:

- Fomentar no Profesorado e Educadores/as o afán polo coñecemento da cultura propia.

- Coñecer as boas prácticas do Patrimonio para transmitir ao alumnado.
- Fomentar o coñecemento, respecto e utilidade educativa do patrimonio cultural galego.
- Motivar cara a recuperación da cultura popular galega.
- Dar a coñecer importantes recursos educativos da comunidade para levar a cabo unha educación patrimonial.
- Fomentar o traballo investigador da realidade do patrimonio etnográfico galego e a súa proxección internacional

PROGRAMA VIVIR XUNTOS CONVIVIR

Aínda que é intención do programa continuar o seu labor de difusión de todas aquelas actuacións que teñen que ver coa mellora da convivencia e das relacións persoais no ámbito educativo, o Concello de Lugo non dispón neste momento de orzamento para dedicar a este programa, polo que estamos en conversa con outras institucións que garantan o orzamento para seguir o noso traballo. É esa razón pola que nestes momentos non dispoñemos de programación para este ano 2014.

É a na nosa intención celebrar as “V Xuntanzas de alumnos e alumnas mediadores”, e celebrar varias conferencias a cargo de personalidades de prestixio en temas relacionados con: aprendizaxe cooperativa, disrupción, mediación entre iguais, alumnado axudante...

Se conseguimos o financiamento necesario, daremos cumprida información a NEG. Mentres tanto, crucemos os dedos e convoquemos a todas as forza da natureza para seguir adiante.

V SEMINARIO SOBRE A MEMORIA: ASOCIACIONISMO MARIÑEIRO, REPRESIÓN FRANQUISTA E RESISTENCIA DEMOCRÁTICA

30 E 31 DE MAIO, 1 DE XUÑO DE 2014, RIANXO-BOQUEIXÓN-OROSO-MELIDE

A convocatoria do Seminario pretende suxerirlles aos asistentes una reflexión sobre o fenómeno do movemento agrario e da guerrilla antifranquista que posibilita un mellor coñecemento do noso pasado máis recente. Tal pretensión arela provocar tamén que a actualización dos coñecementos sobre o asociacionismo agrario e a guerrilla antifranquista contribúa, no alumnado indirectamente beneficiario da reflexión, á comprensión do presente e á adopción dunha actitude responsable e solidaria na defensa da liberdade, sen perder nunca a consciencia de cales son os dereitos e as obrigacións de cadaquén.

Os obxectivos da actividade serían:

- Identificar, analizar e explicar, situándoos no tempo e no espazo, os feitos, personaxes, problemas, etapas e proceso máis significativos do agrarismo e a guerrilla en Galicia.
- Distinguir e valorar os trazos permanentes dos procesos de transformación e cambio nos diferentes períodos, analizándoos desde a realidade dos nosos días.
- Coñecer a historia das Hermandades Sindicales de Labradores y Ganaderos en Galicia.

V SEMINARIO SOBRE A MEMORIA
Asociacionismo mariñeiro, represión franquista e
resistencia democrática



RIANXO – NOIA – OROSO – MELIDE
30 e 31 de maio, 1 de xuño de 2014





- Situar estes procesos históricos no contexto de Galicia e do Estado.
- Estudar e analizar diferentes aspectos básicos da evolución histórica de Galicia.
- Facilitar ao alumnado, profesorado e interesados, o estudo do asociacionismo agrario e a guerrilla.
 - Contribuír ao desenvolvemento dunha sensibilidade comprometida, responsable e activa coa democracia e os dereitos humanos.
 - Contribuír á consolidación de actitudes e hábitos de tolerancia e solidariedade entre os diversos pobos de Estado.

VI CURSO DE FORMACIÓN SOBRE O PATRIMONIO LÚDICO

ANO 2014 - ACTIVIDADE ORGANIZADA XUNTO COA ASOCIACIÓN GALEGA DO XOGO POPULAR E TRADICIONAL

VII XORNADAS DE MATERIAIS DIDÁCTICOS

ANO 2014 - ACTIVIDADE ORGANIZADA XUNTO COA COORDINADORA GALEGA DE EQUIPOS DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

VIII ENCONTRO DE DEBATE SOBRE O MEDIO RURAL

ANO 2014

II XORNADAS DA MÚSICA NAS ARTES

ANO 2014



- SECRETARIADO
 1. Convenios
 2. Manifestos, sinaturas e apoios
 3. Relacións externas
 4. Comunicación
 5. Campaña de asociación a NEG ede subscripción á RGE
 6. Recoñecementos e e lembranzas
 7. Obxectivos para o 2014.

○ Secretariado reuniuse en sete ocasións, asistindo ás xuntas unha media de oito persoas. A comunicación polo correo electrónico segue a ser outra das vías para achegar información e tamén como procedemento para completar documentos e tomar decisións operativas, aínda que requiriría un maior nivel de interactividade.

Os obxectivos marcados para este tempo entre asembleas tiveron un cumprimento desigual. Fíxose un esforzo importante por mantermos unha presenza continuada na comunidade educativa e de cara á opinión pública, á que de maneira reiterada lle trasladamos as nosas posicións en relación ás liñas de acción política enormemente lesivas para a educación pública; neste sentido é destacable o esforzo realizado na elaboración de documentos e posicións e colaborando en distintos foros de debate sobre o anteproxecto LOMCE. A falta de unidade de acción entre as organizacións representativas da comunidade educativa é un problema no que quixemos incidir, pero tivemos pouco éxito, o que non nos impediu participar en actos sectoriais.

Temos unha presenza estable nas redes sociais, especialmente no Facebook, aínda que debería mellorarse. Prestámoslle atención á actualización do web, no que introducimos algunhas melloras.

Como equipo humano seguimos contando coa carencia de sermos un núcleo cativo e minguante de persoas que, en moitos casos, tamén temos responsabilidades noutros ámbitos, e que, neste período, se complicou por coincidencia de dificultades persoais dalgúns membros do secretariado. Nese sentido e de acordo co previsto nos nosos estatutos (Art. 18.4), vimos de reforzar de maneira interina o Secretariado, incorporando algúns membros na representación dos grupos de traballo, ate a vindeira asemblea na que corresponda renovar ao secretariado. Os reforzos serían: Belén Piñeiro, Alicia L. Pardo (e talvez algunha outra persoa do grupo de rural), Alexandre Sotelino, Marcos Botana e Ana Castro.

1. CONVENIOS

- Renovouse o Convenio asinado co Concello de Lugo para a realización do Programa VIVIR XUNTOS, CONVIVIR.
- Asíñase un convenio como entidade colaboradora coa Consellería de Educación ó abeiro da nova regulación das actividades de formación do profesorado recollida na ORDE do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia (DOG do 22 de maio). En consecuencia, para obter o recoñecemento de actividades por parte da Consellería no marco do citado convenio, débese presentar á Dirección Xeral (antes do 30 de xuño de cada ano), o Plan de Formación proposto para o seguinte curso escolar, contendo a relación de actividades coa presentación para cada unha da ficha correspondente.

2. MANIFESTOS, SINATURAS E APOIOS

- Apoiamos a manifestación do 27 de xaneiro convocada pola plataforma cidadá Queremos Galego, facendo un chamamento á participación na mesma da comunidade educativa e da cidadanía.

NEG entende que, cando se fan 30 anos da Lei de Normalización Lingüística, o futuro do idioma vese comprometido por decisións contrarias ao progresivo proceso normalizador que esta Lei pretendía garantir.

O imprescindible papel normalizador que se lle atribúe ao ámbito do ensino vese cuestionado por normas e medidas de distinto carácter que conducen a que sexa precisamente á escola a quen se lle impida traballar na superación dos letais prexuízos lingüísticos que persisten na nosa sociedade e na extensión de maiores e mellores usos da nosa lingua.

No mes de decembro a nosa asociación fixo público un novo NEG Opina sobre a lingua: “Lingua e ensino: regreso ao pasado?” no que pretendía chamar á reflexión sobre o lugar do galego no ensino á luz dos últimos acontecementos e diante das decisións que se albiscan neste ámbito.

Para NEG, as previsións para as linguas propias contidas no anteproxecto da LOMCE, as sentenzas sobre o Decreto do Plurilingüismo, o Informe do Consello de Europa referido ao incumprimento da Carta Europea das Linguas Minoritarias e Rexionais, e os datos sobre a aplicación do Decreto nas aulas reflicten unha realidade profundamente regresiva para o idioma, abocándose o sistema educativo á renuncia das funcións que lle cómpren respecto da protección e desenvolvemento do idioma de noso.

NEG entende que a sociedade galega non pode estar de acordo co dano que se está a provocar na nosa lingua, nos dereitos dos seus falantes e no patrimonio cultural do país. Por este motivo solicita do goberno da Xunta que reconduza a súa acción política, comprometéndose coa cidadanía en garantir un futuro para a nosa lingua.

- No mes de febreiro apoiamos as mobilizacións convocadas polas asociacións de estudantes contra a contrarreforma contida no anteproxecto da LOMCE, mediante o seguinte comunicado:

NEG entende que esta lei pretende lexitimar as políticas de recortes e de profundo ataque ao sistema educativo público e supón unha volta atrás na consideración da educación como un dereito básico. As medidas que se anuncian nesta controvertida Lei:

- Non promoverán a calidade do sistema, nin moito menos a súa equidade, e dificilmente lograrán reducir o fracaso escolar e o abandono temperán. Se acaso rebaixarán as estatísticas ao reconduciren algúns “efectivos” cara á formación profesional básica e reducirán a porcentaxe de alumnado que acceda a estudos universitarios.
- -As reválidas e a nova proposta curricular conducen a unha maior xerarquización e recentralización do currículo, e deixan as linguas propias nun lugar subalterno.
- A presenza dunha materia alternativa á relixión con carácter avaliable, unida á desaparición dos contidos asociados ao ámbito da educación para a cidadanía e os dereitos humanos, evidencian a aposta por unha educación moral de carácter confesional.
- Acentuaranse as diferenzas entre centros, e non precisamente pola relevancia dos seus proxectos innovadores, senón por vermos sancionados con esta lei mecanismos de competencia desleal entre centros, ademais de estratexias de captación do alumnado esencialmente privatizadoras.
- Incide na desprofesionalización do profesorado, ao que se lle modifican, outra vez, as condicións de traballo e se lle reduce o ámbito de decisións respecto de aspectos fundamentais da vida dos centros.
- O reforzamento das direccións e a perda de peso dos Consellos Escolares minimizarán o traballo en clave participativa da comunidade educativa, apostando por unha xestión xerencialista ao servizo dos intereses dos responsables da administración educativa.
- NEG entende que o anteproxecto da LOMCE mina o actual modelo educativo, facéndoo retroceder a tempos predemocráticos.

Cómpre recuperarmos outro discurso e promovermos medidas alternativas para a mellora da calidade do sistema. Nesa dirección, animamos ao colectivo docente, ás familias e ao propio alumnado a unha profunda reflexión e a participar no necesario debate social e na mobilización cidadá que unha modificación de tal peso educativo e social esixe.

Compostela, 6 de febreiro do 2013

- Tamén neste mes de febreiro apoiamos o Manifesto “Chamamento polo galego”, esixindo que a Xunta debe acatar a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia:

A XUNTA DEBE ACATAR A SENTENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA FEIJOO NON DEBE LEVAR O IDIOMA GALEGO AO TRIBUNAL SUPREMO

A Consellería de Educación da Xunta de Galicia acaba de anunciar os trámites previos á presentación dun recurso de casación diante do Tribunal Supremo contra as sentenzas ditadas polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre o decreto do plurilingüismo aprobado pola Xunta en 2010. Na nota oficial en que dá conta deste desacerto, a Consellería afirma que condiciona a non presentación -ou no seu caso a retirada- do dito recurso a que “os recorrentes e a oposición” acepten a proposta formulada polo presidente da Xunta, segundo a cal, estes deben dar o seu aval ao devandito decreto do plurilingüismo, unha vez depurado dos aspectos que o TSXG estima contrarios á legalidade.

Resulta lamentable que o goberno e o Partido Popular non tirasen as conclusións derivadas das sentenzas do TSXG, en tanto que estas desautorizan aspectos básicos dun decreto no seu día aprobado pola Xunta a pesar dos informes negativos do Consello da Cultura Galega, a Real Academia Galega, o Consello Escolar e o Consello Consultivo. Agora, no canto de aproveitaren a ocasión para reconducir unha liña de deslexitimación, desoficialización e desprestixio do idioma do país (e de paso, da propia autonomía e as súas institucións), o Partido Popular e o goberno de Feijoo teiman en botar máis leña ao lume.

É incomprendible que o Presidente da Xunta pretenda condicionar unha rectificación imposta xuridicamente polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a que as partes interesadas dean o seu respaldo a un decreto desaxetado, que xa foi desqualificado polas devanditas institucións así como pola maioría dos expertos e da comunidade educativa, ademais de contestado masivamente pola cidadanía. Pero o que provoca escándalo é que o goberno do Partido Popular, escudándose nos resultados electorais (como se estes validasen calquera decisión) e nunha adaxe xurídica (que o recurso ao Tribunal Supremo pecha a vía xurisdiccional) pretenda que un tribunal alleo a Galicia dea a última palabra nunha materia xa xulgada polo TSXG e que o Estatuto de Autonomía de Galicia reserva como competencia exclusiva á nosa autonomía (art. 27, 20 do EAG). ¿Acaso o goberno pretende pasar unha outra lexislatura enredando en leas que só deitan máis prexuízos para o galego no canto de exercer as competencias que o obrigan en materia de defensa e promoción do idioma galego?

O que lle corresponde á Xunta é seguir as recomendacións do propio TSXG verbo do cumprimento das previsións de avaliación da competencia lingüística do estudantado, adaptando a presenza das linguas á obriga de garantiren igual competencia das dúas linguas oficiais. O que ao idioma galego lle cómpre son políticas activas de apoio e promoción no ensino e nos demais ámbitos, políticas que deben fundarse nun amplo consenso político e social, como o plasmado no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega aprobado polo Parlamento de Galicia en 2004. Este mesmo Parlamento pode ser un lugar apropiado para fraguar as bases para tal consenso, non o Tribunal Supremo con sede en Madrid.

O que Galicia precisa é un Presidente e un goberno que confíen nas nosas propias institucións, que crean no autogoberno e que miren por riba de todo polos nosos intereses colectivos. Alberto Núñez Feijoo debe renunciar de vez a continuar cun obsceno xogo partidista -ou peor aínda, personalista- a custa do noso idioma e da nosa dignidade. A Xunta de Galicia cometería unha infamia arrastrando o idioma galego ao Tribunal Supremo.

- Nova Escola Galega sumouse á convocatoria de folga xeral no ensino convocada para o día 9 de maio por distintas organizacións da comunidade educativa contra a LOMCE.

NEG entende que esta lei pretende mudar con carácter estrutural as finalidades do sistema educativo, afastándoa dos parámetros de calidade e equidade social que deben identificar a institución escolar nas sociedades contemporáneas. A súa orientación, fortemente mercantilista e privatizadora, atenta gravemente contra o dereito á educación, pretendendo convertela nun ben privado, nunha mercadoría máis ao servizo de quen poida pagala. A regresión ideolóxica que inspiran moitas das medidas contidas neste anteproxecto representan unha concesión sen precedentes ás esixencias da Igrexa e da patronal de centros privados.



NEG considera que a LOMCE proxecta un modelo educativo que se corresponde co modelo de sociedade desigual, confesional e profundamente inxusta da dereita conservadora, e que se insire nunha concepción uniformizadora e recentralizadora do estado, ao servizo do rancio imaxinario que suxire a “Marca España”.

As medidas que se anuncian neste anteproxecto, asociadas á discrecionalidade e alcance doutras accións que se veñen promovendo contra o servizo público da educación, traerán nocivas consecuencias:

- Difícilmente lograrán reducir o fracaso escolar e o abandono temperán. Se acaso rebaixarán as estatísticas ao reconduciren algúns “efectivos” cara á formación profesional básica e reducirán a porcentaxe de alumnado que acceda a estudos universitarios.
- As reválidas e a nova proposta curricular conducen a unha maior xerarquización e recentralización do currículo, e colocan as linguas propias nun lugar secundario. Os ámbitos humanístico e artístico perden peso a favor de materias asociadas á empregabilidade e ao emprendedurismo empresarial.
- A presenza dunha materia alternativa á relixión con carácter avaliable e a desaparición dos contidos asociados ao ámbito da educación para a cidadanía e os dereitos humanos, evidencian a aposta por unha formación moral confesional.
- Acentuaranse as diferenzas entre centros, non pola relevancia dos seus proxectos, senón por vermos sancionados con esta lei mecanismos de competencia desleal entre centros, podendo reservarse o dereito de admisión do alumnado, ao abeiro dunha malentendida liberdade de elección de centro, que favorecerá economicamente a progresión da rede privada-concertada.
- Incide na desprofesionalización do profesorado, ao que se lle modifican, outra vez, as condicións de traballo e se lle reduce o ámbito de decisións respecto de aspectos fundamentais do currículo e da vida dos centros.
- O reforzamento das direccións e a perda de peso dos Consellos Escolares minimizarán o traballo en clave participativa da comunidade educativa, apostando por unha xestión xerencialista ao servizo dos intereses dos responsables da administración educativa.

NEG entende que o anteproxecto da LOMCE dinamita o actual modelo educativo, retrocedendo a tempos predemocráticos, e denuncia as provocadoras formas elixidas para a súa aprobación polo Consello de Ministros, un día despois desta convocatoria de folga xeral, e sen apenas marxe de manobra para considerar as advertencias vertidas polo propio Consello de Estado no seu recente ditame.

NEG anima a non baixar a garda e manter as mobilizacións cívicas e os espazos de reflexión e debate sobre a LOMCE para logramos que non sexa aplicada.

Compostela, 6 de maio do 2013.

- Como vén sendo habitual, desde Nova Escola Galega apoiamos tamén a convocatoria da Plataforma cidadá Queremos Galego para a manifestación do día 17 de maio en Compostela, desta quenda co lema “Non queremos ser estranxeiras na propia patria”.

- En setembro NEG apoiou a andaina reivindicativa convocada pola Plataforma pola defensa da Montaña e do Rural, percorrendo a última etapa do camiño de Santiago a Fisterra, concretamente desde Corcubión a Fisterra. Trátase dunha andaina que serve de peche ás anteriores etapas do camiño que Anpas e colectivos do rural veñen facendo desde xullo para reivindicar o dereito á igualdade de oportunidades na educación e denunciar as carencias e recortes que directamente afectan aos centros públicos do rural. Dende Nova Escola Galega apoiamos estas reivindicacións a prol do dereito a unha educación de calidade no medio rural.





- NEG emite un comunicado o 24 de setembro sumándose ás convocatorias de mobilización convocadas por distintas organizacións da comunidade educativa contra a LOMCE:

A LOMCE está en trámite parlamentario, pendente do proceso de discusión de preto de 700 emendas parciais promovidas polos diferentes grupos políticos; algunhas delas, impulsadas polo Partido Popular, pretenden afondar aínda máis na privatización, dándolle carta de legalidade á acción política que a dereita desenvolve nos territorios que goberna. Por este motivo NEG entende que é un momento especialmente importante para a mobilización social.

Para NEG esta lei pretende mudar con carácter estrutural as finalidades do sistema educativo, afastando os parámetros de calidade e equidade social propios da institución escolar nas sociedades contemporáneas. A súa orientación, fortemente mercantilista e privatizadora, atenta gravemente contra o dereito á educación, pretendendo convertela nun ben privado, nunha mercadoría máis ao servizo de quen poida pagala. A regresión ideolóxica que inspiran moitas das medidas contidas neste anteproxecto representan unha concesión sen precedentes ás esixencias da Igrexa e da patronal de centros privados. NEG considera que a LOMCE proxecta un modelo educativo que se corresponde co modelo de sociedade desigual, confesional e profundamente inxusta da dereita conservadora, e que se insire nunha concepción uniformizadora e recentralizadora do estado, ao servizo do rancio imaxinario que suxire a “Marca España”.

As medidas contempladas neste proxecto de lei asociadas a outras accións que se veñen promovendo contra o servizo público da educación (recortes na dotación de recursos humanos e materiais, cambios nas esixencias académicas das bolsas, decreto de comedores etc) traerán nocivas consecuencias:

- Non lograrán reducir o fracaso escolar e o abandono temperán. Se acaso rebaixarán as estatísticas ao reconduciren “efectivos” cara á formación profesional básica, e reducirán a porcentaxe de alumnado que acceda a estudos universitarios.
- As reválidas e a nova proposta curricular traen consigo unha maior xerarquización e recentralización do currículo e colocan as linguas propias nun lugar secundario. Os ámbitos humanístico e artístico perden peso a favor de materias asociadas ao “emprendedurismo”.
- A presenza dunha materia alternativa á relixión con carácter avaliable e a desaparición dos contidos asociados ao ámbito da educación para a cidadanía e os dereitos humanos evidencian a aposta por unha formación moral confesional.
- Acentuaranse as diferenzas entre centros, non pola relevancia dos seus proxectos, senón por vermos sancionados con esta lei mecanismos de competencia desleal entre centros, podendo reservarse o dereito de admisión do alumnado, ao abeiro dunha mal entendida liberdade de elección de centro, que favorecerá economicamente a progresión da rede privada-concertada.
- Incide na desprofesionalización do profesorado, ao que de novo se lle modifican as condicións de traballo e se lle reduce o ámbito de decisións respecto de aspectos fundamentais do currículo e da vida dos centros.
- O reforzamento das direccións e a perda de peso dos Consellos Escolares minimizarán o traballo en clave participativa da comunidade educativa, apostando por unha xestión xerencialista ao servizo dos intereses dos responsables da administración educativa.

Se a maioría popular no Parlamento posibilita, ademais, a incorporación na lei doutras medidas de fondo calado privatizador -como a cesión de chan público para a rede concertada ou a participación de axentes privados nos procesos de corrección das probas externas, entre outras tamén anunciadas-, conseguirán que a rede pública de centros sexa subsidiaria da privada o que, en determinadas zonas ou

territorios, suporá a prestación dun servizo puramente asistencial.

NEG anima a non baixar a garda e manter as mobilizacións cívicas e os espazos de reflexión e debate sobre a LOMCE para logramos que non sexa aplicada.

Compostela, 24 de setembro do 2013.

- Por último, sumámonos igualmente á folga do 24 de outubro contra a LOMCE, que acababa de ser aprobada no Congreso cos únicos votos favorables do Partido Popular. Para NEG a orientación desta lei, fortemente mercantilista e privatizadora, atenta gravemente contra o dereito á educación, pretendendo convertela nun ben privado, nunha mercadoría máis ao servizo de quen poida pagala.

3. RELACIONES EXTERNAS

3.1. COORDINADORA ESTATAL DE MRP

Ao longo do ano 2013 continuaron a manterse relacións coa Coordinadora Estatal de MRP a través do correo electrónico, con especial intensidade con motivo da difusión das accións e iniciativas de loita contra a LOMCE. Porén, non contamos no secretariado cunha persoa dispoñible para asistir ás xuntas da Mesa Estatal.

3.2. MESA GALEGA DE EDUCACIÓN NO RURAL

Segundo os acordos e a dinámica desta Mesa (referidos no informe presentado na anterior asemblea de NEG) continuouse cos principais temas xa iniciados: a revisión do documento da Mesa e a súa divulgación, a entrevista cos grupos parlamentares e co Conselleiro de Educación, así coma unha segunda xuntanza celebrada en Lugo aberta á Universidade, Anpas, colectivos en defensa do rural e persoas interesadas no tema. Nesta II xuntanza de Lugo, na que a participación foi ampla, intensa e con repercusión na prensa, analizáronse os seguintes temas:

- Actuacións da Administración tanto executadas como as previstas no referente a supresión de unidades, servizos de comedor e outros recortes.
- Espallar información sobre a LOMCE e as súas repercusións, en base a charlas ofertadas coa colaboración das diversas organizacións (exponse opinión xeneralizada de que existe un gran descoñecemento sobre este tema).
- Intercambio de información sobre actividades e reaccións que se viñeron desenvolvendo ao longo do curso por parte dos colectivos que participan: alternativas a Preescolar na Casa, ANPAs, Mesa de Educación no rural e outros.
- Recóllense achegas para a revisión do Documento base da Mesa Galega de Educación no Rural (feitas dende profesorado da Universidade, Anpas, colectivos e persoas interesadas nesta problemática).

Despois de concluída dita revisión propónse facer a presentación e máximo espallamento deste documento. Procúrase a implicación de cantos o apoian dándolle a maior resonancia posible ante a sociedade, os responsables políticos e os medios de comunicación. Isto require actos de presentación polas catro provincias e achegándose no posible ao ámbito Rural. Tamén se propón a recollida de apoios a este documento mediante recollida de sinaturas e a creación dun foro de debate na rede. Tamén se propuxo que, en caso de ser posible, se organizara unha mobilización conxunta para apoiar a defensa no Parlamento.

O acto inicial de presentación deste documento celebrouse con roda de prensa en Compostela, Galería Sargadelos, na data 27/11/2013.



O 2º acto celebrouse na Facultade de Formación do Profesorado de Lugo e quedan pendentes outros actos en varias vilas e na Facultade de Ciencias de Educación de Ourense.

O relativo á entrevista cos grupos parlamentares, pola relevancia do tema, vai adxunto nun apartado específico.

O apoio á folga do 9/5/13 foi unánime por parte desta Mesa.

Non tendo resposta en todo o pasado curso nin no que vai deste, reiteramos a petición de entrevista co Conselleiro de Educación.

En relación aos grupos parlamentares seguimos pendentes da resposta do PP de cara a creación dunha Comisión de investigación, estudo, e elaboración de propostas alternativas dedicada á educación no ámbito rural. Ante a demora deste grupo insistimos co reclamo da súa resposta, que se deba coñecer a comezos deste curso. Este retraso por parte do grupo parlamentar do PP está sendo un freo para a acción desta Mesa, dado que segundo cal sexa a disposición do parlamento actuarase en consecuencia.

A dinámica da Mesa durante estes meses foi en xeral minguada, custou tempo matizar a redacción definitiva do documento pola rotación e consenso que supón calquera modificación de texto. Os recortes de persoal afectaron de xeito notable á participación das organizacións sindicais. Faltou constancia e axilidade por parte dalgúha organización. Tamén se notou a ausencia de representación da maioría das organizacións desta Mesa no apoio ás mobilizacións das Anpas durante este verán, así coma nas Xornadas sobre o rural de NEG. Neste senso é destacable a acción de NEG que, ademais de organizar un admirable evento na granxa de Barreiros, mantivo a súa presenza con varios membros, no apoio ás mobilizacións de Anpas durante o verán (Camiño de Santiago e Costa da Morte, roteiro ao castro de Cervantes). Así mesmo, NEG mantívose activa durante as vacacións de verán con notas de prensa como resposta á polémica nota de prensa da Consellería de Educación (27/06/13) e con outros oportunos comunicados que afectan ás escolas e CEIPs do rural.

NEG procura participar nos diversos foros e encontros de colectivos e de redes que actualmente agroman con forte inquedanza pola defensa do rural. En toda ocasión posible NEG



aproveita para espallar o documento base e reivindicar as demandas dun Plan de Educación específico para o rural demandado dende a Mesa Galega de Educación no Rural.

Tamén é de agradecer a Xiana Lastra a súa efectiva xestión en trámites desta Mesa e a súa xenerosa iniciativa de colaborar coa creación dun logotipo que distinga á Mesa de Educación no Rural. Tamén foi decisión dela a apertura dunha conta de correo directa para a Mesa.

A EDUCACIÓN NO RURAL ASUNTO DO PARLAMENTO GALEGO: Entrevista da Mesa Galega de Educación no Rural cos grupos do Parlamento de Galicia.

A Mesa Galega de Educación no Rural, ante a situación límite na que se atopa o ámbito rural galego, entre outros cometidos, traballou durante este curso na actualización do documento marco existente dende a consolidación desta Mesa. Neste momento iníciase a presentación de dito documento revisado, solicitando entrevista co Conselleiro de Educación e cos grupos Parlamentares.

A prema deste asunto prolóngase dende hai décadas e foi tema de múltiples intentos de diálogo coa Consellería de Educación. En tantos anos de reivindicacións quedaron demostradas as posicións limitadas desta Consellería, sempre centrada nunha política educativa rexida por criterios totalmente económicos e ao marxe dunha política xeral de fomento do medio rural. Fronte a esta posición a MESA de Educación no Rural reclama unha política educativa integrada nun proxecto de desenvolvemento global para a Galicia rural que supoña novos compromisos mediante un tratamento económico de discriminación positiva. Abordar unha problemática de semellante alcance entra nas competencias do Parlamento Galego. Este foi o motivo polo que esta Mesa, dende o ano 2003, veu realizando entrevistas cos representantes dos grupos parlamentares.

Nesta ocasión, retomando a mesma responsabilidade, solicitáronse outras entrevistas. A recepción por parte dos catro grupos foi inmediata: con data 30/5/13 reciben o BNG e o PSOE e con data 4/6/13 reciben AGE e PP. A entrevista co Sr. Conselleiro está pendente da súa resposta.

Nas catro entrevistas realizadas cos representantes dos diferentes grupos, xunto coa entrega do referido documento, vólvese expor no Parlamento a necesidade de retomar a creación dunha Comisión de investigación, estudo e elaboración de alternativas dedicada á educación no ámbito rural, xa proposta nas anteriores ocasións. As conclusións saídas desta comisión serían básicas de cara a concreción dun Plan específico de educación no rural que esta Mesa vén reivindicando dende os seus comezos.

Dado o avance da mingua dos servizos no ámbito rural, dende a Mesa Galega de Educación no Rural incídese na importancia de que a referida Comisión sexa abordada de xeito preferente, e de maneira inmediata se inicien as xestións oportunas para poñela en marcha. A resposta dos tres grupos da oposición –BNG, PSOE e AGE– foi coincidente e plenamente favorable á creación desta Comisión. Por parte do grupo do PP prometeuse estudar esta proposta, quedando pendente a súa resposta.

Ante os representantes dos grupos Parlamentares insístese ademais en reclamacións moi críticas de cara o curso próximo, referidas aos recortes que afectan aos comedores escolares así como outras medidas que nos anteriores cursos se viñeron aplicando –especialmente coa supresión de unidades e de profesorado especialista e de apoio en escolas e centros do rural.

3.3. CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA

Desgustando a un goberno autista

Este período do ano 2013 e parte do 2014 volveu ser un ano de atonía no Consello Escolar de Galicia. Nos únicos tres plenos celebrados o máis relevante foi o que non se fixo: Non se anali-

zou a LOMCE, que é o acontecemento lexislativo máis importante dende o ano 2006, alegando que non era competencia desta Comunidade Autónoma. Madialeva, pero nin unha soa liña desta lei deixa de afectar e interesar á Comunidade Educativa que representamos no organismo, e este Consello existe unicamente con ese obxectivo de debater –non pode decidir nada– e para coñecer a opinión dos representantes que formamos parte del.

Tan grave despropósito tivo como consecuencia que por primeira vez neste organismo moitos dos seus membros se abstiveron na votación para a súa aprobación –tivo 14 votos a favor e 13 abstencións– que habitualmente se fai por asentimento. Tamén influíu na abstención anterior o feito de non ser tomados en consideración os ditames do Consello e nin sequera facer a Administración unha comunicación razoada desda non consideración.

Esta actitude de desprezo envía á sociedade unha visión da democracia limitada ás consultas electorais. Efectivamente estas lexitiman o exercicio do poder, pero o labor lexislativo deber ser permeable á opinión da sociedade nos temas concretos –para iso existen os órganos de participación– e facelos inútiles é empobrecer a democracia.

Tramitáronse, ademais de vintedous currículos de diferentes Ciclos Formativos de Formación Profesional, que se elaboran para actualizar estas titulacións; o proxecto de decreto polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería, que foi rexeitado polo Pleno polo seu carácter de avanzar no deterioro do servizo público de educación establecendo o copago, coa falacia de que os que teñen máis rendas deben pagar, ocultando que esas medidas acaban por converter os servizos públicos en asistenciais. Por este camiño chegará un día que as medidas de atención a necesidades educativas especiais tamén deixarán de ser gratuítas para os que teñan determinada renda. Ademais o decreto é claramente lesivo para o mundo rural ao eliminar na práctica a gratuidade do ensino para a inmensa maioría desta poboación.

Tamén se tramitou un novo e innecesario decreto de convivencia, sen o consenso que tivera o anterior Plan Integral de Mellora da Convivencia Escolar de Galicia do 227, asinado previamente por 35 entidades e institucións galegas –NEG e Educadores e Educadoras pola paz entre elas– que nin tan sequera mereceu a consulta a estas entidades. Neste caso tamén se aprobaron unha chea de emendas que desnaturalizaban o fondo autoritario, e retrógrado en moitos aspectos, deste novo decreto.

En concreto aprobáronse –entre outras– iniciativas como non incluír a aula de convivencia como recurso obrigatorio en tódolos centros; reforzar a colexialidade das decisións sobre convivencia; dotar de recursos (materiais e humanos) ás iniciativas que se regulan no Decreto; incluír aos Departamentos de Orientación nas Comisións de convivencia dos centros e diminuír o peso de representantes da administración no Consello Para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desgusto tras desgusto para unha administración que ignora á sociedade.

3.4. OUTROS CONSELLOS ESCOLARES

Formamos parte dalgúns consellos escolares municipais constituídos en concellos como A Coruña, Santiago, Ferrol, Narón, Teo, Fene... Neste último conseguiuase a adhesión dun considerable número de representantes do Consello ao manifesto de NEG en apoio á folga xeral no ensino convocada para o día 24 de outubro.

Así mesmo, recibimos puntualmente algunhas peticións para contarmos con representación noutros concellos escolares municipais.

3.5. OUTRAS REPRESENTACIÓNS E PARTICIPACIÓNS

Relacións internacionais:

Cabe facer unha referencia ao mantemento de comunicación periódica coa Presidencia da Federación Internacional de Movementos de Escola Moderna (FIMEM), na perspectiva da celebración en xullo 2014 da RIDEF de Reggio- Emilia (Italia). Tamén fixemos algunhas xestións a prol do reingreso na FIMEM do Movemento de Escola Moderna de Portugal, cousa, porén non lograda.

En plataformas:

Seguimos participando tanto na Plataforma Cidadá en Defensa da Radio Televisión Pública Galega, na que nos representa Xiana Lastra, como na Alianza Social Galega, Plataforma que aglutina a preto de 60 entidades do mundo sindical e cívico, e na que nos representa Xosé Manuel Malheiro. Porén, ámbalas dúas pasaron durante o 2013 por unha etapa de considerable inactividade, se ben a segunda delas semella estar a reactivarse, convocando durante o presente ano 2014 algunhas mobilizacións.

En xornadas de formación ou debates

- Participamos nunha mesa redonda sobre a LOMCE que tivo lugar o 23 de xaneiro en Ferrol convidados pola Asociación Cultural Medulio, xunto con representantes sindicais da CIG-Ensino, UXT e CCOO, e contando coa presenza tamén da ASPG.



- Fomos convidados tamén a dar unha charla informativa sobre a reforma da nova lei educativa o xoves día 7 de febreiro no auditorio da Casa Dopeso, organizada polo Consello Escolar de As Pontes, e impartida por Mariló Candedo en representación de NEG.

- O día 16 de febreiro intervimos nun debate de Radio Filispim sobre a LOMCE. Valoramos outras claves necesarias para a educación distintas e moi distantes desta contrarreforma educativa. Moi boa iniciativa para proxectar este tema entre a cidadanía, e entre a comunidade educativa.



- O día 5 de marzo participamos nas “V Xeiras sobre a lingua galega”, organizadas polos Comités, en colaboración coa Universidade de Vigo. Mariló Candedo interveu nunha mesa redonda sobre “A normalización do galego no ensino”, xunto con Rocío Barreiro Rodríguez (Asociación Sociopedagóxica Galega) e Anxo Louzao (CIG Ensino).



• Nova Escola Galega estivo presente, representada tamén pola súa presidenta, nunha nova mesa redonda sobre a LOMCE que tivo lugar o martes día 16 de abril. Nesa ocasión foi no IES Sofía Casanova de Ferrol, por iniciativa do seu Consello Escolar. Agradeceuse o convite e a oportunidade de debater con compañeiros/as doutras organizacións e coa comunidade educativa sobre este anteproxecto lexislativo que ataca frontalmente o modelo de escola pública que defendemos.

• No mes de abril participamos nos “XV Encontros para a Normalización Lingüística”, organizados polo Consello da Cultura Galega e que se celebraron os días 18 e 19 en Santiago de



Compostela. NEG estivo presente a través da participación da nosa presidenta Mariló Candedo nunha mesa redonda na que se debateu sobre o marco normativo do galego no ensino e as súas posibilidades no futuro. Cara onde se leva o galego no sistema educativo? é unha das cuestións que se pretende debater neste marco. Nova Escola Galega ten publicado múltiples documentos propositivos sobre este tema e outros tantos posicionamentos críticos co marco normativo condiciona gravemente o avance da normalización lingüística no ensino.



• O luns 6 de maio Xosé Ramos participa nunha charla informativa, no IES Salvador de Madaíriaga, organizada pola ANPA do Centro baixo o título “A LOMCE... reflexións sobre a nova lei de educación”.



• A nosa participación en debates sobre a LOMCE estendeuse tamén ao eido televisivo, concretamente ao programa Vía V (de V Televisión), onde o día 16 de maio tamén Xosé Ramos participou nun debate sobre a nova reforma educativa. Na mesa contouse así mesmo coa presenza de Helena Gómez Vecino (CONFAPA), Manuel Corredoira (Director Xeral de Educación) e Lois Trigo (director do CEIP Fópez Ferreiro).



• Novamente na radio, desta vez no programa de Radio Voz “Voces de Galicia”, contamos coa representación da nosa presidenta, Mariló Candedo, no marco dunha tertulia sobre a LOMCE que tivo lugar na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña o día 29 de maio e na que tamén participaron os profesores Jurjo Torres e Teresa Núñez, xunto ao estudante Abel Vale.

• O día 8 de xuño a Rede Galega Contra a Pobreza (EAPN-Galicia) organizou o “IV Encontro Galego de Cidadanía Inclusiva. Dereitos cidadáns: da información á participación”, onde o noso compañeiro Xosé Ramos Rodríguez compartiu reflexións sobre a importancia do dereito á educación. No Ano Europeo da Cidadanía, o IV Encontro Galego de Cidadanía Inclusiva quere ser

un espazo de aprendizaxe e reflexións que potencie o empoderamento das persoas, a súa verdadeira participación social e que apoie as súas capacidades para comprender e reconducir as dificultades e problemas que afectan ás súas vidas. É un Encontro para as persoas coas que traballamos dende as diferentes entidades sociais, persoas en situación de pobreza e/ou exclusión social.



• Participamos nun encontro con profesorado da Sardeña organizado por Paco Fernández Rei o día 26 de xullo, compartindo intervencións e posterior debate con representantes de Prolingua, a Ctnl e a CGENDL. Este grupo de profesores e profesoras desenvolvían esta actividade coordinados por Diegu Corràine, profesor e activista cultural que vén colaborando con Prolingua en distintas iniciativas. Todas e todos eles interesáronse polas circunstancias que afectan á normalización do noso idioma, compartindo inquedanzas e impresións relacionadas co propio proceso de normalización da lingua sarda.



• Co fin de dar difusión á actividade de Nova Escola Galega e nomeadamente á Gala “Para Seguirmos Camiñando”, Xosé Lastra Muruais e Mariló Candedo participaron o 24 de novembro no programa A Revista (RTVG).

4. COMUNICACIÓN



4.1. REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN

Os tres números publicados da Revista Galega de Educación ao longo do 2013 foron:

- **Nº 55** *A organización dos centros escolares* (febreiro), cuxo monográfico estivo coordinado conxuntamente por Juan José Félez, Celestino Pérez Recarei e Xosé Ramos Rodríguez.
- **Nº 56** *A educación cero-3* (xuño). O coordinador do monográfico foi Xesús Ferreiro Núñez.
- **Nº 57** *Aprendemos con Rosalía* (novembro), sendo a coordinadora do monográfico Mercedes Queixas Zas.

Nas tres publicacións do 2013 conseguiuase respectar o principio de non superar as 100 páxinas.


En canto ao financiamento da revista seguen sen producirse cambios, como ata agora sostén-



tase coas cotas dos subscritores/as máis a publicidade. O prezo segue sendo o mesmo dende a última subida do 2011.

Como se leva facendo nos últimos anos estase a realizar un esforzo na difusión da publicación coa presentación das revistas por distintos puntos da xeografía galega. A continuación aparece unha relación das datas e dos lugares onde esas presentacións tiveron lugar.

Número de Revista	Lugar	Data
nº 55	A Coruña	30 de maio
nº 56	Ribadeo	30 de xuño
	Ourense	27 de setembro
	Lugo	17 de novembro
	Pontevedra	31 de xaneiro do 2014
nº 57	Bertamirás	18 de decembro
	Carballo	12 de febreiro do 2014



Dentro destes actos relacionados coa RGE, e en concreto co número 55, debemos mencionar tamén a mesa redonda que se celebrou na facultade de Ciencias da Educación da Coruña, baixo o título *Organización e Xestión dos Centros Educativos. Valoración da situación actual*.

Xa para rematar unha breve mirada ao presente inmediato da revista e ao seu futuro máis próximo. O número 58, *Cooperación e Desenvolvemento*, é o primeiro número do 2014 e acaba de saír, e xa se está traballando nos dous seguintes números que se centrarán na *Educación no cárcere* e *Lusofonía e educación*.



Presentación da Coruña



Presentación de Ribadeo





Presentación de Lugo



Presentación de Pontevedra



Presentación de Ames



4.2. WEB

O feito de que, durante o ano 2010, se procedese á dixitalización de documentos históricos de NEG, da iniciación dunha base de datos ou banco de experiencias e as novas necesidades xurdidas neste excelente medio de comunicación e intercambio como é o web, fan necesario

dotarse dun xestor tal que permita realizar procuras rápidas e potentes. Así é que mantense o obxectivo de proceder a cambiar o xestor de contidos e a dotarnos dun xestor documental.

Estamos en proceso de poñer a andar unha nova ferramenta web que nos permita unha mellor xestión de todo tipo de contidos. Mentres tanto, continuamos ofertando todos os servizos dos que podemos dispoñer no actual web.

4.3 NEG OPINA

No ano 2013 non se publicou ningún novo número do Boletín NEG Opina.

4.4. OUTRAS PUBLICACIÓNS

MATERIAIS DIDÁCTICOS E EXPERIENCIAS EDUCATIVAS INNOVADORAS

Autoras: Montse Castro, Helena Zapico e Xesús Rodríguez

Editada por Toxosoutos e Nova Escola Galega, trátase dunha publicación que recolle máis de 30 materiais e experiencias “innovadoras” que se desenvolveron en Galicia nos últimos anos. Unha boa parte dos recursos e iniciativas que se recollen no libro pretenden constituírse en ferramentas alternativas ou complementarias aos libros de texto, amosando prácticas innovadoras de traballo na aula e de atención ás diferentes necesidades do alumnado e profesorado. O sentido da obra é tamén o de impulsar a necesaria difusión destes traballos concibidos, promovidos e implementados nos últimos anos dende moi diversos colectivos de carácter educativo: grupos de traballo, centros educativos, movementos de renovación pedagóxica, etc. Unha boa parte dos proxectos recollidos na obra están vencellados a proxectos de normalización lingüística.

5. CAMPAÑA DE AFILIACIÓN A NEG E SUBSCRICIÓN Á RGE

A pesar dos esforzos realizados non se conseguiu unha incidencia real desta campaña na consecución de maior número de asociad@s e/ou subscritor@s para a RGE. Non se conseguiu implicar a un certo número de persoas, alén dos membros do secretariado e de persoas vinculadas á RGE.

6. RECOÑECEMENTOS E LEMBRANZAS

NOMEAMENTO DE NOVOS SOCIOS/AS DE HONRA CON MOTIVO DO XXX ANIVERSARIO

No transcurso dos actos do noso XXX Aniversario, celebrado en Santiago de Compostela o día 6 de abril de 2013, tivo lugar o nomeamento de cinco nov@s soci@s de honra.

Atendéndolles ás propostas de persoas asociadas, o secretariado nacional de Nova Escola Galega, en representación da asociación, acordara unanimemente nomear socios e socias de honra as seguintes persoas, encargándolles as súas respectivas presentacións na Asemblea aos socios e socias que igualmente se citan:

- D^a. Olga Araújo González (presentada por Antía Cid Rodríguez)
- D. Agustín Fernández Paz (presentado por Manuel Bragado Rodríguez)
- D^a. Flora Fondevila Vázquez (presentada por Carme Díaz Simón)
- D. Xesús Portas Ferro (presentado por Carmela Cons Pintos)
- D^a. Maribel Santos Pérez (presentada por Xosé Manuel Cid Fernández)

Este nomeamento estivo sustentado no recoñecemento das súas traxectorias profesionais, desenvolvidas ao longo de moitos anos na nosa nación e guiadas polos principios de traballo e loita a prol dun ensino galego, público, democrático e laico, coincidentes estes cos valores que vén defendendo Nova Escola Galega nos seus 30 anos de vida.

Nun acto fermoso, cálido e fundamente emotivo, trasladóuselles colectivamente a grande satisfacción e orgullo que para NEG supuxo o poder acollelos e acollelas na nosa casa e na nosa historia. A todas e todos eles, grazas sempre!



RECOÑECEMENTOS A ASOCIADOS E ASOCIADAS POLOS QUE OS/AS FELICITAMOS

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

Son moitos os recoñecementos que recibe o noso compañeiro Agustín. Salientamos no ano 2013 o recoñecemento por parte da Universidade de Vigo, quen o nomeou Doutor Honoris Causa no mes de xaneiro. Nova Escola Galega estima que nesta particular conxuntura para a nosa lingua e tamén para a educación pública, o recoñecemento ó seu intenso labor nestes ámbitos evidencia unha aposta polo compromiso social, desde a renovación pedagóxica e o pensamento crítico que o identifica. A escrita de Agustín Fernández Paz dálles forma aos nosos soños e aspiracións como cidadáns e cidadás dese outro mundo máis xusto ó que non queremos renunciar. Por esta atinada elección parabenizamos tamén a Universidade de Vigo.

FINA CASALDERREY

Tamén no mes de xaneiro tivemos ocasión de transmitir os nosos parabéns a Fina Casalderrey, nomeada nova académica da Real Academia Galega e primeira autora de literatura infantil e xuvenil en acceder á RAG. Nova Escola Galega únese aos seus desexos a prol da recuperación do pulso normalizador no ensino, compartindo as súas verbas: “Quen me dera ser capaz de seducir á xente do ensino e recuperar aquel fervedoiro do comezo da normalización, cando os mestres e mestras se comprometeron para recuperar o uso da lingua e puxeron tanto entusiasmo e tanto esforzo niso”.

ASOCIACIÓN GALEGA DO XOGO POPULAR E TRADICIONAL

NEG felicita a Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional que recibiu o día 21 de marzo unha mención especial pola promoción do idioma nas súas actividades no transcurso da Gala dos Premios anuais Deporte Galego 2012. O acto de entrega dos Premios, outorgados pola Secretaría Xeral para o Deporte, tivo lugar no Salón de Actos da Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Lugo. A mención foille outorgada, a proposta da Secretaría Xeral de Política Lingüística, “pola promoción do idioma galego na súa actividade”.

A AGXPT leva moitos anos desenvolvendo actividades sobre Patrimonio lúdico en colaboración con NEG. Tamén participou en distintos números da RGE sobre esta temática. O seu traballo normalizador da lingua e da nosa cultura é merecente dos maiores recoñecementos.

(IMAXES)



7. OBXECTIVOS PARA O 2014

1. . Fornecer a propia estrutura de traballo do secretariado, e afondar na coherencia e efectividade do traballo organizativo.
2. Procurar novas vías de financiamento para a asociación.
3. Continuar coas campañas para a ampliación da base asociativa e dos/as subscritores/as á RGE.
4. Elaborar un protocolo de acollida para as persoas que se asocien por primeira vez coa finalidade de integralas nas estruturas da organización
5. Fomentar o debate interno sobre distintos aspectos da política e realidade educativa, estimulando a creación de espazos de participación dos/as asociados/as.
6. Difundir e dar a coñecer as publicacións de NEG.
7. Facer chegar as opinións do MRP aos/as asociados/as, aos centros educativos e a todos aqueles lugares e institucións ás que interese a nosa opinión.
8. Ampliar e consolidar as relacións con outras organizacións, colectivos e institucións.
9. Incrementar as relacións con centros, colectivos e/ou profesionais, colaborando na difusión de experiencias educativas anovadoras, a través do web, as redes sociais ou das publicacións.

Marzo do 2014.